

ACCESIBILIDADE E INCLUSIÓN: VISIBILIZAR, SENSIBILIZAR, FORMAR E COMPARTIR

Xornada formativa para
profesionais das artes escénicas

RELATORÍA



**XUNTA
DE GALICIA**

**Relatoría da xornada Accesibilidade e
inclusión: visibilizar, sensibilizar,
formar e compartir**

Axencia Galega das Industrias Culturais

Realización:

Axencia Galega das Industrias Culturais

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude - Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 2025

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	6
- ACCESIBILIDADE E INCLUSIÓN NAS ARTES ESCÉNICAS. UN RETO COMPARTIDO ..	7
- A XORNADA E A RELATORÍA	8
2. VISIBILIZAR	10
- DOCUMENTAL <i>HABITAR LA ESCENA</i>	11
- A XORNADA E A RELATORÍA	12
3. SENSIBILIZAR	14
- UN ACHEGAMENTO DE PRIMEIRA MAN AO MUNDO DA DISCAPACIDADE	15
- AS COMUNIDADES E AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE SON MOI DIVERSAS ..	16
1) Persoas xordas	16
2) Persoas cegas	17
3) Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA)	18
- BARREIRAS DE ACCESO E PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA	19
- AS TECNOLOXÍAS DEBEN ACOMPAÑAR, PERO NON DEBERÍAN SUBSTITUÍR ...	20
- A EVOLUCIÓN NA RELACIÓN CON OUTROS PÚBLICOS E DO ACCESO PROFESIONAL ÁS ARTES ESCÉNICAS	21
- O ECOSISTEMA DA ACCESIBILIDADE NAS ARTES ESCÉNICAS	21
4. FORMAR	22
- INTRODUCCIÓN Á ACCESIBILIDADE	23
- 1) DEFININDO A ACCESIBILIDADE UNIVERSAL. "TODO O MUNDO POR IGUAL"	23
- 2) MARCO LEGAL ESTATAL DA ACCESIBILIDADE E OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	25
- 3) O CICLO DA INACCESIBILIDADE	26
- 4) TRANSFORMAR O IMAXINARIO COLECTIVO DA DIVERSIDADE FUNCIONAL PARA FACELO ACCESIBLE	27
- 5) COLECTIVOS E ACCESIBILIDADE. MEDIDAS E PERSOAS BENEFICIADAS	28
- 6) A ACCESIBILIDADE NON SÓ BENEFICIA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	31
- 7) ALGÚNS MODELOS DE REFERENCIA	32

ÍNDICE

5. COMPARTIR	34
- TALLERES PRÁCTICOS. INTRODUCCIÓN	35
- TALLER PARA RESPONSABLES DE ESPAZOS ESCÉNICOS	36
1) Experiencias desenvolvidas e situación actual	
da accesibilidade no sector	36
Exemplo da situación no teatro Tantarantana (Barcelona)	36
Exemplo da situación do sector e nalgúns espazos de Galicia	36
2) Auditoría da accesibilidade nos espazos escénicos	
e ferramentas dispoñibles	37
3) Financiamento e recursos económicos	38
Recursos: referentes de actuación e baremos de accesibilidade	
nas convocatorias de axudas	39
Reparto das axudas. A maioría, destinadas a función	39
4) Infraestruturas necesarias, servizos auxiliares,	
profesionalización e públicos	40
Calendario estratéxico de adaptación dos espazos escénicos	40
Tecnoloxías. Calidade, comodidade e custe	40
O futuro dos servizos auxiliares de accesibilidade	41
A sensibilización en accesibilidade dos públicos	41
- TALLER PARA PARA EMPRESAS DE PRODUCCIÓN DE ARTES ESCÉNICAS	42
1) Experiencias desenvolvidas e situación actual	
da accesibilidade no sector	42
2) Autoavaliación e planificación dunha produción inclusiva / accesible	43
3) A Accesibilidade e a creación escénica	44
6. ANÁLISE FINAL	46
- OBXECTIVOS E PREOCUPACIÓNS DA ACCESIBILIDADE	
NAS ARTES ESCÉNICAS	47
- PROPOSTA DE ANÁLISE DAFO	51
7. ANEXOS	52
- ANEXO 1. REFERENCIAS TEMÁTICAS NA RELATORÍA	53
1) Marco legal e normativas	53
2) Recursos audiovisuais	53
3) Organizacións e proxectos de referencia en accesibilidade e inclusión	54

ÍNDICE

4) Ferramentas e guías prácticas	54
5) Teatros e espazos escénicos como exemplos	55
6) Compañías de produción escénica e festivais como exemplos	55
- ANEXO 2. DOCUMENTOS DOS TALLERES	56
1) Auditoría dos espazos escénicos	56
2) Autoavaliación compañías de artes escénicas	58

1

**ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR**

INTRODUCCIÓN



1. INTRODUCCIÓN

ACCESIBILIDADE E INCLUSIÓN NAS ARTES ESCÉNICAS. UN RETO COMPARTIDO

O sector das artes escénicas en Galicia amosa unha **forte implicación** desde hai bastante tempo no eido da accesibilidade e a inclusión. Estanse a realizar **esforzos para producir e adaptar tanto funcións como espazos escénicos**, reducindo a desigualdade entre profesionais, público e espectáculos, e avanzando cara a un pleno acceso á cultura sen barreiras a novas audiencias.

Coa aprobación da **lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible**, Galicia avanza de forma clara e evidente no reto compartido de garantir a accesibilidade universal e a inclusión plena en servizos e produtos culturais. A administración galega e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como a Axencia Galega das Industrias Culturais, traballan para lograr este obxectivo prioritario.

Non obstante, estamos tan só no inicio do camiño. Son precisos investimentos, pero tamén unha **formación especializada**. A meirande parte do sector das artes escénicas está situado nun escenario de descoñecemento sobre a accesibilidade e a inclusión por diversos motivos (falta de exposición, carencia de formación especializada...). Tamén existen dificultades sobre como poñer en marcha as distintas ferramentas, estratexias e accións neste eido.

A partir desta necesidade, tanto por parte da **Axencia Galega das Industrias Culturais** como do sector, representado en **Escena Galega**, ponse en marcha a **Xornada "Accesibilidade e Inclusión"**. É unha primeira toma de contacto para estruturar, estandarizar e sistematizar coñecementos, técnicas, estratexias e ferramentas.

Pero antes, como profesionais e parte da sociedade, cómpre empatizar, sensibilizar, visibilizar e dar voz aos diversos colectivos de persoas que teñen maior dificultade de acceso á cultura e ás artes escénicas en Galicia. Porque **da accesibilidade universal beneficiarémonos todos e todas**, non só as persoas con discapacidade (persoas maiores, menores, migrantes, persoas con dificultades económicas, minorías...).

O principal obxectivo desta Xornada, xa que logo, é iniciar un **diálogo compartido e unha formación** para eliminar as barreiras que impiden a parte da cidadanía o acceso á cultura. Ademais, as conclusións da Xornada incorporaranse como documento de traballo no futuro **Plan Estratéxico para as Artes Escénicas**.

CLAVES

- > No sector das artes escénicas existe unha vontade e unha demanda de información para implementar medidas de inclusión e accesibilidade.
- > A lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia presenta un marco legal de medidas para garantir a accesibilidade universal e a inclusión plena en servizos e produtos culturais.
- > Agadic e Escena Galega organizan esta xornada para formar, compartir, sensibilizar e visibilizar sobre este tema no sector.

RECURSOS

- > [Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia \(DOG nº 238, 11/12/2024\).](#)

A XORNADA E A RELATORÍA

A Xornada "Accesibilidade e inclusión" transcorreu segundo o programa previsto. Iniciouse coa presentación institucional do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xunventude, **José López Campos**, da presidenta da Asociación Galega de Empresa de Artes Escénicas - Escena Galega, **Patricia de Lorenzo**, e do director da Axencia Galega das Industrias Culturais **Jacobo Sutil Nesta**. Polo escenario pasaron un total de **seis panelistas**. A duración do evento foi de algo máis de **cinco horas**. Contouse co labor de dúas persoas intérpretes de lingua de signos.

Entre os perfís profesionais do sector das artes escénicas que se inscribiron a esta xornada están **27 representantes de compañías** e **30 representantes de espazos escénicos**. A asistencia superou o 90% das persoas inscritas, con 52 participantes en total. O evento serviu de **convivencia e intercambio de opinións** entre os distintos perfís profesionais do sector e mais panelistas que impartiron as súas charlas.

A **relatoría** foi elaborada a partir das notas recollidas, a documentación utilizada, as fotografías realizadas e outros datos de apoio adicional. Ademais, consultáronse fontes citadas durante a Xornada polas distintas persoas intervintes para integralas neste documento como enlaces. Por último, engádense fontes e documentación de interese por parte do relator como apoio adicional de utilidade.

CLAVES

- > 6 panelistas
- > Duración: 5,5 horas
- > 27 representantes de empresas de artes escénicas e 30 representantes de espazos escénicos
- > 2 intérpretes de lingua de signos
- > Relatoría elaborada mediante notas, imaxes, documentación de apoio e outras fontes



Desenvolvemento da xornada

ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR

10,00 h. Presentación institucional

Xornada formativa para
profesionais das artes escénicas

VISIBILIZAR

10,30 h. Proxección do documental *Habitar la escena*

Os testemuños e as reflexións de 12 profesionais vinculadas á creación artística, á programación e á produción protagonizan unha mirada profunda e crítica sobre os cambios que se están experimentando no ámbito da exhibición escénica para facer dos teatros espazos máis abertos, participativos, accesibles e inclusivos. Esta fita documental, producida pola Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública, propón unha aproximación á forma en que as comunidades, os creadores e as creadoras ou os públicos conciben as artes escénicas a partir de proxectos que teñen na accesibilidade e a inclusión o seu ADN.

SENSIBILIZAR

11,15 h. Un achegamento ao mundo da discapacidade

Charla con persoas con capacidades diversas para escoitar de primeira man cales son as barreiras ás que se enfrontan como consumidoras e profesionais das artes escénicas en Galicia.

Participan:

- **Paula Varela Costas**, educadora e pedagoga
- **Carla Méndez Trillo**, filóloga e lingüista
- **Elvis García Torres**, actor
- Conduce: **Patricia de Lorenzo**, integrante do Grupo Chévere

FORMAR

12,30 h. Introducción á accesibilidade

A cargo de **Ana Candela Campello** e **Javier Díez**, integrantes do colectivo We Act Assoc, asociación de profesionais do ámbito da arte, cultura e comunicación, que ten como principal obxectivo promover unhas artes escénicas inclusivas, libres de barreiras.

- Medidas de accesibilidade para os colectivos de persoas con discapacidade visual, auditiva, saúde mental, TEA e mobilidade reducida.
- Boas prácticas en espazos e empresas de produción que traballan dende a accesibilidade.

13,30 h. Pausa xantar

COMPARTIR

15,30 h. Talleres

Grupo I

Responsables de espazos. Impartido por Ana Candela Campello

Auditoría de accesibilidade: análise da accesibilidade dos espazos e planificación para a adaptación, segundo as melloras detectadas en ámbitos como o arquitectónico, a programación, a produción e a comunicación.

Grupo II

Empresas de produción de artes escénicas. Impartido por Javier Díez

Mostra de exemplos de espectáculos que inspiren diferentes opcións de integrar a accesibilidade dende a creación e aplicación práctica.

17,00 h. Conclusións da xornada



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Escena Galega



2

**ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR**

VISIBILIZAR

HABITAR LA ESCENA

2. VISIBILIZAR

DOCUMENTAL *HABITAR LA ESCENA*

Proxectouse o documental *Habitar la escena*, producido por La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y festivales de titularidad Pública, e da Comisión de Inclusión e Mediación.

O documental mostra unha aproximación á forma en que as comunidades, as persoas creadoras, e os públicos conciben as artes escénicas a partir de proxectos que teñen na accesibilidade e a inclusión o seu ADN.

Participan 12 profesionais vinculadas á creación artística, á programación e á produción. Cos seus testemuños e reflexións, ofrecen unha mirada crítica e profunda sobre os cambios que se están a experimentar no ámbito da exhibición escénica, para facer dos teatros espazos máis abertos, participativos, accesibles e inclusivos.



CRÉDITOS

> IDEA ORIXINAL DE:

Irene Pardo- Directora Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro

Inés Enciso- Directora artística, xestora cultural, especialista en inclusión e accesibilidade

Javier Jiménez- Experto en accesibilidade, presidente da Asociación Hazlo Posible e CEO de Aptent

> EQUIPO:

Visual Creative- Equipo técnico

Pablo García- Fotografía

Miguel Sánchez- Son

Héctor Martínez- Operador de cámara

Lidia Martínez- Rotulación e montaxe

Cultura & Comunicación, Pilar Gimeno e Eduardo Vielba- Guión e entrevistas

> INTERVEÑEN:

Esmeralda Valderrama (Danza Mobile), **Telmo Irurieta** (Actor), **David Ojeda** (Palmyra Teatro), **Meritxel Barberá** (Festival 10 Sentidos), **Inma García** (Festival 10 Sentidos), **Fernando Delgado** (Centro Dramático Nacional), **Marisa Brugarolas** (Cía. Ruedapiés), **Quim Aragó** (Colectivo Mur), **Gabriela Martín León** (Cía. Psicoballet Maite León), **Sonia Gainza** (Apropa Cultura), **Berta Camps** (Escenaris Especiales) e **Javier Jiménez** (Aptent).

RECURSOS

> [*Habitar la escena*](#)
(web de recursos)

> [*Habitar la escena*](#)
(Youtube)

> [La Red Española de Teatros, Auditorios Circuitos y festivales de titularidad pública](#)

> [Comisión de Inclusión e Mediación](#)

FRASES CLAVE

Recóllense algunhas declaracións do documental, estruturadas por temas como "Aspectos xerais", "Terminoloxía", "Creación", "Programación", "Públicos", "Formación e profesionalización" e, finalmente, en "Comunicación".

ASPECTOS XERAIS

- > "Todas as persoas temos algunha discapacidade, pero algunhas son máis evidentes ca outras."
- > "Se a cultura pode facer tanto para mellorar a vida das persoas con vulnerabilidade, como imos deixar de facelo?"
- > "Como director, a miña primeira relación coa inclusión foi de casualidade, como lle pasa a moita xente. Aí foi cando puiden quitarme eses prexuízos."

TERMINOLOXÍA

- > "Coa palabra 'inclusión' xa estás condicionando a mirada do público. Xa te miran distinto ou che esixen menos."
- > "Na palabra 'inclusivo' existe unha xerarquía en que alguén di: 'podes unirse a min'. É unha desigualdade de serie."
- > "Todo o mundo debe estar presente desde o inicio da cadea, ninguén debe quedar fóra."
- > "Cómpre quitar as etiquetas desde dentro."

CREACIÓN

- > "Temos que apostar por todas as diferenzas, porque nos fan máis fortes, sobre todo falando de creación."
- > "O 'contaxio' do diferente para a creación abre novas posibilidades artísticas que antes nin pensabas."
- > "Corpos diferentes xeran enerxías e dinámicas moi diferentes. Non hai límites no poder de transformación da mirada dos espectadores."

PROGRAMACIÓN

- > "Desde o inicio dun proxecto ou dunha programación, hai que ter en mente a diversidade."
- > "A arte na marxe, que non marxinal, obriga a unha reformulación do paradigma."
- > "As persoas que programamos espectáculos non temos que poñer límites ás necesidades que nos atopemos no camiño. Hai que atopar programadores e programadoras que se atrevan."
- > "O cambio de paradigma debería ser que, cando se programe, non se valoren as debilidades dos perfís artísticos, senón as súas posibilidades e calidades."

PÚBLICOS

- > "Estas persoas (...) non se sentiron convidadas a gozar da cultura en sociedade. Cómpre cambiar o paradigma."
- > "Hai que traballar os públicos excluídos de xeito proactivo para que se sintan convidados. Non van vir de golpe."
- > "A diversidade enriquece a arte de maneira increíble. Pero que os públicos observen a naturalidade de todo fai que a sociedade sexa máis xusta."
- > "Non é só un dereito, é unha oportunidade: millóns de persoas con discapacidade están quedando fóra da cultura e estamos perdendo moito."
- > "A xente que non se sente excluída pola sociedade non vai botar en falta xente que nunca se ve en certos espazos das artes."

COMUNICACIÓN

- > "Tras a mellora da accesibilidade física, o seguinte paso é mellorar a comunicación, así como outros niveis da accesibilidade como a cognitiva."
- > "A cadea de accesibilidade é esencial, desde o momento en que unha persoa se informa do evento, merca o billete, a accesibilidade da chegada, do espazo, de poder entender a obra..."

FORMACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN

- > "Cando non coñeces algo, produce medo, rexeitamento. A través dunha formación motivadora, ese descoñecemento desaparece e sentes maior seguridade."
- > "Podes ter un teatro accesible, pero se o equipo do teatro non está educado en diversidade, van vela como un problema."
- > "É moi importante a formación de técnicos e técnicas culturais, persoal de teatro... Como referentes, sempre en positivo, para empatizar e para ilusionar."
- > "É importante a formación tamén para todas aquelas persoas en situación de vulnerabilidade, que non tivo a cultura nas súas vidas, para que coñezan todo o potencial da cultura."
- > "Na escola (de arte dramática) dixéronme: 'Se non te pos límites, non chos imos poñer nós'."
- > "A figura do coidador ou coidadora (profesional ou familiar) debe poñerse en valor, xa que é o primeiro elo da inclusión e para que a persoa con discapacidade poida realizarse."

3

**ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR**

SENSIBILIZAR



3. SENSIBILIZAR

UN ACHEGAMENTO DE PRIMEIRA MAN AO MUNDO DA DISCAPACIDADE

Nesta charla, persoas con capacidades diversas expresáronlle ao público asistente as barreiras ás que se enfrontan como consumidoras e como profesionais das artes escénicas en Galicia. Na mesa participaron:

- **Paula Varela Costa.** Educadora e pedagoga
- **Carla Méndez Trillo.** Filóloga e lingüista
- **Elvis García Torres.** Actor
- **Patricia de Lorenzo** (Moderadora). Integrante do grupo Chévere

En Galicia non se parte de cero no que respecta á accesibilidade e inclusión nas artes escénicas. Existen iniciativas, algunhas con anos de implantación, outras máis recentes e integrais. Non obstante, resulta evidente a falta dunha maior incorporación estandarizada e sistemática da accesibilidade e a inclusión nas artes escénicas, debido principalmente a dous factores clave:

- 1) **Descoñecemento** entre a maioría de profesionais das artes escénicas **sobre as discapacidade e condicións diferentes.** Este descoñecemento provén, principalmente, de:
 - **Falta de contacto.** As persoas que adoitan ter coñecemento sobre a discapacidade adoita ser por un contexto familiar, principalmente, aínda que tamén en ámbitos profesionais ou sociais.
 - **Falta de formación.** Non se educou ás persoas agora adultas profesionais do sector en aspectos relacionados coa discapacidade, a accesibilidade e a inclusión en ningunha das etapas educativas agás que houbese algunha persoa con discapacidade no centro.
- 2) **Descoñecemento sobre a terminoloxía** para interactuar coas persoas con discapacidade, o que provoca moitas veces parálise de acción.

Na charla contouse cunha persoa cega, unha persoa xorda e unha persoa no espectro autista. Dende as súas vivencias persoais proporcionaron ás profesionais do sector unha perspectiva nova sobre as necesidades e diversidade das persoas con discapacidade. Ademais, cómpre **loitar contra o establecemento dunha xerarquía** (desigualdade de serie), cando unha maioría nomea unha minoría.

CLAVES

- > **Existen algunhas iniciativas inclusivas e accesibles no sector das artes escénicas en Galicia. Falta unha maior incorporación.**
- > **O descoñecemento da terminoloxía para dirixirnos ás persoas con discapacidade e da diversidade con respecto ás discapacidade é a primeira barreira coa que se atopan profesionais do sector.**
- > **O descoñecemento provén da falta de contacto social e da falta de formación específica.**
- > **Unha forma de romper esta barreira é coñecer de primeira man persoas con discapacidade e condicións diferentes, establecer diálogo e resolver dúbidas nun ambiente distendido e de confianza.**
- > **Hai que evitar a "desigualdade de serie".**

AS COMUNIDADES E AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE SON MOI DIVERSAS

Existen moi diferentes e variados graos de intensidade entre as persoas con discapacidade, e tamén diferentes casuísticas no ámbito da comunicación e interacción que se poden utilizar. O nivel de discapacidade ven determinado por unha serie de probas médicas estandarizadas.

1) Persoas xordas

Dentro da **comunidade xorda** existe unha ampla diversidade: persoas xordas signantes ou non signantes, oralistas ou non oralistas, persoas oíntes con distinto grao de perda de audición (que pode darse de xeito máis ou menos progresivo), persoas con porcentaxes de xordeira diferentes (que poden usar tecnoloxías para estar incluídas en diferentes graos dentro da comunidade oínte ou na comunidade xorda), etc.

Ademais, hai persoas xordas que medraron en familias, contornas e comunidades puramente xordas, cun uso exclusivo da lingua de signos. Dende esta perspectiva, o concepto de discapacidade dentro destas comunidades é inexistente, ao vivirse nunha contorna con identidade propia como persoa xorda, transformándose en diversidade. A discapacidade aparece en contornas bilingües ou na comunidade oínte. Na comunidade xorda desenvólvense actividades culturais propias, xa que a **oferta cultural xeral** carece de accesibilidade na súa meirande parte e provoca **pouco interese de asistencia** neste colectivo.

Existen moitos mitos e **descoñecemento** sobre a comunidade xorda que acaban provocando **sentimentos de marxinación e etiquetaxe**. Entre as que se indicaron na charla estiveron:

- **"A subtitulación ou a lectura labial son ferramentas suficientes"**. En realidade, na comunidade xorda hai persoas que medraron en contornas puramente xordas, usando a lingua de signos como a súa principal forma de comunicación, e non todo o mundo ten unha comprensión lectora tan desenvolvida.
- **"Lingua de signos só hai unha e vale para todas as linguas faladas do mundo"**. As linguas reflicten realidades e culturas distintas tanto na súa morfoloxía coma no seu léxico. Xa que logo, a lingua de signos presenta as mesmas características. En España contamos dende o ano 2007 cunha lei que establece a oficialidade das linguas de signos española e catalá dentro do Estado.

PERSOAS XORDAS

> **Comunidade:** Existe unha forte compoñente cultural, cunha comunidade cohesiónada na que a lingua de signos (LS) é o referente principal. Ademais de persoas signantes, hai tamén persoas oralistas (lectura de labios e certa capacidade de resposta verbal).

> **Orixes e clasificación da xordeira:** A hipoacusia pode ser condutiva (oído externo e medio), neurosensorial (oído interno ou vía nerviosa) ou mixta, debido a factores internos (xenéticos) ou externos (enfermidade, accidente...). Os graos de xordeira clasifícanse en decibelios (dB). Pode ser prelocutiva (antes de desenvolver a fala) ou postlocutiva (tras desenvolver a fala).

> **Xordeira parcial:** Leve (a partir dos 20 dB), moderada (40-60 dB) ou severa (superando os 60 dB).

> **Xordeira total:** A Seguridade Social establece o limiar nos 75 dB.

> **Ferramentas de accesibilidade:** Audífonos (perdas leves e moderadas), implantes cocleares (perdas severas), lectura labial, lingua de signos, etc.

> **Lingua de signos:** Desde 2007, en España son oficiais a lingua de signos española e a catalá.

2) Persoas cegas

A **comunidade de persoas cegas** non está tan cohesionada como a das persoas xordas. O enfoque principal céntrase na accesibilidade, a rehabilitación e a procura da inclusión na sociedade xeral.

Como a comunidade xorda, a discapacidade das persoas cegas abarca un amplo espectro que comeza coa denominada "baixa visión", a cal adoita ser a máis incomprendida pola sociedade. Algunhas enfermidades ou traumas poden provocar diferentes graos de cegueira e perda progresiva da visión. No que respecta á cegueira legal, esta ten diferentes niveis de resto visual. E, por último, a cegueira total conta coa súa propia diversidade de situacións: percepción ou non de luz, e tamén escuridade vermella, negra ou branca (especialmente molesta).

As persoas con discapacidade visual teñen **diversos problemas** que non se adoitan considerar:

- **Propensión ao sedentarismo.** As persoas cegas, segundo a súa contorna e apoios, teñen unha mobilidade reducida. A realización de traxectos, sobre todo cando non existe un mapeo previo ou apoios, é moi complexa.
- **Dores.** Moitas afeccións que provocan cegueira conlevan diferentes niveis de dor (tensión ocular, por exemplo) que poden chegar a ser incapacitantes de forma transitoria.
- **Propensión a sufrir accidentes,** especialmente en exteriores, e debido sobre todo á obstaculización sen sinalización, á falta de previsión das administracións, etc.

Existen moitos mitos e **descoñecemento** tamén sobre a comunidade cega, especialmente en aspectos como a saúde, a terminoloxía e o acompañamento e trato:

- **Saúde visual.** As visitas ao oftalmólogo son habituais.
- **Léxico de visión.** A ONCE recomenda que se utilicen verbos e termos relacionados coa visión, tanto por parte das persoas cegas como dos interlocutores ("ver unha película", "vémonos mañá", "mira ti que cousas"...).
- **Acompañamento.** Ofrece axuda comunicándote de forma normal, non toques sen consentimento, ofrece o brazo diante da persoa cega sen agarrar o seu, describe o camiño, e obstáculos, mantén ritmo constante sen cambios bruscos, vai medio paso por diante, lévalle a man ata o respaldo do asento no que vaia sentar...
- **Cans guía.** Non molestes ou distraias o can guía mentres está guiando e sen permiso do dono ou dona. Teñen dereito a acceder a calquera espazo público.

PERSOAS CEGAS

- > **Comunidade:** Centrada na accesibilidade, a rehabilitación e a procura da inclusión.
- > **Orixes e clasificación da cegueira:** A discapacidade visual pode deberse a factores internos (xenéticos) ou externos (enfermidades oculares progresivas, neurolóxicas ou vasculares, accidentes, causas ambientais...). A clasificación para avaliar a función visual baséase na agudeza visual (AV) e o campo visual (CV). A medición faise coas correccións ópticas e no mellor ollo.
- > **Baixa visión:** Segundo a OMS, pode ser leve (AV inferior a 6/12), moderada (inferior a 6/18) ou grave (inferior a 6/60).
- > **Cegueira legal:** A partir dunha AV inferior a 3/60.
- > **Cegueira total:** Agudeza visual cero, así como percepción de luz sen forma.
- > **Ferramentas de accesibilidade:** Correctores ópticos (perdas leves e moderadas), lectores de pantalla e asistentes accesibles en móbiles, liñas braille, bastón branco, can guía, mapas hápticos, audio-descrición, audiolibros, sistema de lectura braille, etc.
- > **Cans guía:** A **Lei 10/2003** de Galicia, a **Lei 7/2023** e o **RD 409/2025** regulan a actividade e benestar de cans de asistencia.

3) Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA)

O concepto de **neurodiversidade** é fundamental para a comunidade autista. Esta perspectiva considera as características neurolóxicas, sensoriais, comunicativas e sociais como diferenzas naturais en lugar de déficits que teñen que ser "curados", mudando a perspectiva cara a unha **despatoloxización** do TEA. O traballo comunitario céntrase na concienciación, defensa de dereitos ante administracións, empoderamento, apoio integral e procura dunha linguaxe respectuosa.

Segundo as palabras de Elvis García, o seu Asperger é como "ter unha programación cerebral distinta", con aspectos que entende de forma totalmente literal, e outros incomprensibles por resultar demasiado figurados. En calquera caso, e dependendo do nivel, o Asperger non adoita ser unha barreira de accesibilidade tan grande coma no caso das persoas xordas ou cegas, e poden adaptarse ata certo punto para entender certos aspectos da linguaxe como a ironía, convencións, etc. No aspecto laboral, poden darse tamén **problemas puntuais de saúde ou inestabilidade** dependendo do nivel dentro do espectro.

Os principais problemas asociados ás persoas con TEA son tamén moi diversas e variadas, pero poden englobarse en:

- **Dificultadas na comunicación e interacción social.**
- **Patróns restrinxidos e repetitivos.** Rutinas, movementos estereotipados, intereses moi específicos...
- **Hipersensibilidade ou hiposensibilidade.**
- **Afeccións asociadas**, como ansiedade, TDAH ou depresión. E, a miúdo, presentan un peor estado de saúde que a poboación xeral.
- **Discriminación, acoso e abandono escolar.**

Algunhas ferramentas que facilitan a comunicación e accesibilidade de persoas con TEA son:

- **Ferramentas de comunicación aumentativa e alternativa**, como os pictogramas de ARASAAC, documentos de lectura sinxela ou comunicación por sinais.
- **Organización e estrutura de tempo.**
- **Comprensión da contorna e normas sociais** (historias sociais, videomodelado...).
- **Regulación emocional e sensorial** (auriculares con cancelación, espazos tranquilos, materiais sensoriais...).

PERSOAS CON TEA

> **Comunidade:** Centrada na defensa dos dereitos das persoas dentro do espectro autista, o seu empoderamento, despatoloxización, apoio en diversas fases da vida das persoas, etc.

> **Orixes e clasificación do TEA:**

O TEA é unha condición do neurodesenvolvemento inherente á persoa. Acompaña a toda a vida, aínda que as súas manifestacións poden variar. O Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais (DSM-5) clasifica 3 niveis de necesidade de apoio segundo: o impacto na comunicación social; e os comportamentos restrinxidos / repetitivos.

> **Nivel 1. Require apoio.** Dificultades en ambos aspectos.

> **Nivel 2. Require un apoio substancial.** Dificultades acusadas en ambos aspectos

> **Nivel 3. Require un apoio moi substancial.** Interaccións sociais especialmente limitadas; inflexibilidade extrema.

> **Linguaxe respectuosa:** Autismo España recomenda usar expresións como "presenta TEA", "ter autismo", "estar no espectro autista", "ser autista", evitando os verbos "padecer", "sufrir", etc. Recomanan tamén usar "persoa neurotípica" en vez de "persoa normal".

BARREIRAS DE ACCESO E PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

Na charla comentáronse algunhas anécdotas e experiencias persoais con respecto á participación e asistencia a eventos culturais e, especialmente en actividades escénicas, por parte das persoas con discapacidade.

No caso de **Carla Méndez**, o seu contacto e experiencia escénica estivo presente dende a súa infancia dentro da comunidade xorda. Facíanse festivais, baile tradicional... exclusivos para a comunidade xorda. A partir da etapa universitaria atopou as primeiras representacións subtituladas, e tamén a existencia dunha maior oportunidade de acceso a eventos accesibles en Madrid. No caso de Galicia mencionou un par de propostas inclusivas e accesibles, como *Hellen Keller, a muller marabilla?* (Chévere) e tamén *Forever* (Kulunka Teatro), obra expresiva sen texto; carece de subtitulado descritivo e, polo tanto, pérdense detalles se a persoa con discapacidade non vai acompañada.

No caso de **Paula Varela**, como persoa cega total recente, o seu primeiro contacto co teatro inclusivo foi con *As fillas bravas*, nun congreso de pedagogía celebrado en Lugo en 2020. Tamén sinalou a obra de Chévere pola súa excelente audiodescrición ou a súa asistencia en sala.

No que respecta a **Elvis García**, como profesional con TEA traballou nalgúns obras accesibles, como por exemplo *Nada se sabe* que conta con audioguía, paseo táctil e intérprete de signos.

As persoas relatoras indicaron tamén unha serie de **barreiras** máis ou menos importantes, tanto **físicas** (acceso aos espazos escénicos tanto de público como de profesionais), **comunicativas** (as dificultades de acceso á información sobre eventos escénicos, a compra de billetes en liña) e tamén de **acceso ás obras ou funcións**, incluso naquelas con ferramentas accesibles incorporadas (comentouse as limitacións da subtitulación ou sobretitulación, as condicións de luz para a comprensión da intérprete de lingua de signos, etc.).

Estas barreiras provocan nas persoas con discapacidade unha desafección por falta de interese, ao non poder gozar en igualdade de condicións da función. As adaptacións, aínda que sexan parciais e limitadas, abren o camiño para a asistencia de novos públicos con moi escasa presenza ata o momento, o que redundará a medio e longo prazo nun aumento dos beneficios para o sector.

BARREIRAS DETECTADAS

- Aínda existen importantes barreiras arquitectónicas nos espazos escénicos, tanto para o público como para profesionais do sector.
- Apenas hai funcións adaptadas e accesibles en Galicia.
- O subtitulado é unha solución pouco eficiente e limitada.
- A presenza de só un ou unha intérprete é complexa. Factores como a luz poden complicar a comunicación.
- Os/As intérpretes de lingua de signos (ILS) que se utilizan nas obras ás veces non teñen a profesionalización adecuada para signar obras.
- Apenas hai profesionais con discapacidade no sector das artes escénicas. Falta visibilidade.
- Non hai unha sistematización na "cadea de accesibilidade" (a comunicación do evento, o traxecto, a asistencia á obra...).
- Existen moitas dificultades de acceso á información sobre as obras.
- As compañías e espazos teñen moi poucos recursos para establecer solucións accesibles.

AS TECNOLOXÍAS DEBEN ACOMPAÑAR, PERO NON DEBERÍAN SUBSTITUÍR

Hai que comezar a pensar en investimentos en vez de gastos á hora de implantar solucións de accesibilidade e inclusión nas compañías e nos espazos escénicos. Éxitos como a obra *Hellen Keller. A muller marabilla?* de Chévere indican que é posible.

En canto ás solucións e ferramentas accesibles, a tecnoloxía está a xogar un papel fundamental, porque axuda parcialmente a solucionar algunhas das barreiras máis importantes, a democratizar o acceso universal á cultura e a ofrecer solucións accesibles e inclusivas de baixo custe. Non obstante, todos debemos poñer as "gafas da accesibilidade". Cómpre poñerse na pel de persoas con discapacidade para entender que as tecnoloxías están para acompañar, pero non para substituír o factor humano.

No caso das persoas xordas, o subtítulo é unha solución limitada e acoutada. As condicións de luz e as características da obra poden dificultar a comunicación mediante lingua de signos. O uso de solucións tecnolóxicas mediante móbiles pode resultar ineficiente, porque non permite unha atención plena na obra (ao ter que mudar a mirada entre pantalla e escenario) e porque poden causar malestar entre o público asistente que descoñeza o uso destas ferramentas (por exemplo, molestias pola luz da pantalla).

No caso das persoas cegas, a escolla de espazos de baixa visibilidade preto do escenario é importante para captar detalles sonoros, pero tamén é necesario que se lle sumen outras tecnoloxías como a audiodescrición. En caso de ter un acompañante, a baixa visibilidade das localidades é unha barreira para a descrición. Tamén se prefiren voces naturais ás enlatadas ou virtuais nas audiodescricións; unha longa exposición a este tipo de voces acaba resultando molesta. Por outra banda, as persoas cegas adoitan preferir as experiencias táctiles e sensoriais que as solucións tecnolóxicas virtuais sempre que sexa posible.

Como conclusión, cómpre superar a brecha nas condicións de acceso á cultura das persoas con discapacidade. Non ter solucións accesibles séntese como "tirar os cartos do billete".

RECURSOS

> **"Recomendacións para facer accesibles as artes escénicas a persoas xordas"**. Documento elaborado conxuntamente por un Grupo de Traballo de Chévere en abril de 2025, conformado por persoas xordas, intérpretes de lingua de signos e o equipo do grupo Chévere.

Elaboráronse máis de 40 propostas distribuídas entre recomendacións para facer máis accesibles os teatros, medidas para facer máis accesible a comunicación e medidas para facer máis accesibles as obras. Aínda que as recomendacións son de aplicación para toda a diversidade da comunidade xorda e xordocega, moitas son aplicables tamén a outros colectivos de persoas con discapacidade.

RECURSOS. CADEA DE ACCESIBILIDADE


> **CIMA (Información Cultural Feita Accesible)**. Ferramenta para xerar documentos accesibles e sinxelos que cubran toda a "cadea de accesibilidade" dun evento ou espazo cultural. Proxecto Erasmus+ ALLURE coordinado pola Xunta de Galicia.

A EVOLUCIÓN NA RELACIÓN CON OUTROS PÚBLICOS E DO ACCESO PROFESIONAL ÁS ARTES ESCÉNICAS

Finalmente na charla, as persoas relatoras indicaron que debe traballarse a relación entre comunidades e colectivos de persoas con discapacidade, espazos teatrais e públicos para que as medidas adoptadas non supoñan unha incomodidade para o público xeral, descoñecedor da realidade lexislativa en materia de accesibilidade e inclusión, nin tampouco para as persoas con discapacidade, co fin de que se lles poida ofrecer as mellores condicións de asistencia (butacas, tecnoloxía adaptada, etc.).

Na parte profesional, Elvis García comentou que existe unha evolución constante de cara á unha maior integración de perfís diversos no sector das artes escénicas. Institucións coma COGAMI están a dar apoio para orientar a actuación de profesionais das artes escénicas para mellorar o seu labor.

O ECOSISTEMA DA ACCESIBILIDADE NAS ARTES ESCÉNICAS



4

**ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR**

FORMAR



4. FORMAR

INTRODUCCIÓN Á ACCESIBILIDADE

Nesta intervención participaron dúas persoas representantes de We Act Assoc., entidade de profesionais do ámbito da arte, cultura e comunicación, que ten como principal obxectivo promover as artes escénicas inclusivas, libres de barreiras:

- **Ana Candela Campello.** Participante nas mesas de diálogo do Código de Accesibilidade de Cataluña, desenvolve o seu traballo no teatro Tantarantana de Barcelona.
- **Javier Díez.** Intérprete en lingua de signos e educador social. Coordinador de proxectos de accesibilidade, nos últimos anos participa e fai teatro accesible.

Ambos fixeron unha presentación accesible ante a audiencia. Neste caso describíronse e presentáronse en voz e signando indicando o seu nome, lugar de nacemento, residencia, acento, relación coa outra persoa conferenciante, descrición física (estatura, complexión, pelo, forma de vestir), descrición psicolóxica e descrición espacial (describindo o espazo que ocupaban).

Na súa intervención realizaron un achegamento teórico-práctico á accesibilidade, co propósito de xerar un espazo de diálogo e traballo entre espazos escénicos e compañías, que continuou na actividade da tarde de xeito máis práctico.

1. DEFININDO A ACCESIBILIDADE UNIVERSAL. "TODO O MUNDO POR IGUAL"

Pódese definir a **accesibilidade universal** como o principio que garante que todas as persoas, con independencia das súas capacidades ou circunstancias sociais, poidan, comprender, acceder e utilizar as contornas, servizos, produtos e información en **igualdade de condicións**.

Dende a orixe e concepción destes elementos farase uso do **deseño universal**: terase en conta o uso e beneficio de todo o mundo **sen necesidade de adaptacións** nin de deseños especializados, promovendo a inclusión e igualdade.

CONTIDOS DO CAPÍTULO

Introdución á accesibilidade

1. Definindo a accesibilidade universal. "Todo o mundo por igual"

2. Marco legal estatal da accesibilidade e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

3. O ciclo da inaccesibilidade


4. Transformar o imaxinario colectivo da diversidade funcional para facelo accesible

5. Colectivos e accesibilidade. Medidas e persoas beneficiadas

6. A accesibilidade non só beneficia ás persoas con discapacidade

7. Algúns modelos de referencia

As lexislacións analizadas polas representantes de We Act (a estatal, a galega e a catalá), establecen diferentes definicións, con moitos puntos en común e algunhas puntualizacións significativas. Realizouse unha posta en común das definicións presentes nas lexislacións para establecer unha definición completa e integral da **acesibilidade universal con respecto a seis eidos**: ámbitos de aplicación, contornas de acción, persoas destinatarias, características dos espazos, formato de contidos e recursos de comunicación:

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL		RESUMO DAS LEXISLACIÓNS ESTATAL, GALEGA E CATALÁ
	Ámbitos de aplicación	Aplicase a contornas, espazos, edificios, medios de transporte, procesos, produtos, instrumentos, aparellos, ferramentas, dispositivos, mecanismos e elementos análogos.
	Contornas de acción	A lexislación galega neste caso achega as contornas de acción onde debe centrarse a acesibilidade: na creación, xestión, conservación, goce e promoción.
	Persoas destinatarias	As principais persoas destinatarias obxectivo desta acesibilidade universal son as persoas con discapacidade física, sensorial ou cognitiva.
	Características dos espazos	De deseño universal (existen normas UNE ao respecto), utilizables, practicables, cómodos, seguros, que permitan a autonomía e un movemento ou experiencia naturais.
	Formato de Contidos	De fácil comprensión e que permitan a comunicación e a interacción de xeito sinxelo.
	Recursos de comunicación	Indícanse nas lexislacións a lectura fácil, os sistemas alternativos e aumentativos, os pictogramas, os medios humanos e os medios tecnolóxicos.

	Lexislación estatal	Lexislación galega	Lexislación catalá
Ámbitos	entornos, procesos, bienes, productos, servicios, objetos, instrumentos, herramientas, dispositivos	contornas, bens, produtos, servizos, obxectos, instrumento, ferramentas, dispositivos	entorn, <u>espais</u> , <u>edificis</u> , <u>mitjans de transport</u> , processos, productes, instruments <u>aparells</u> , eines, dispositius, <u>mecanismes</u> , <u>elements anàlegs</u>
Contornas		<u>creación</u> , <u>xestión</u> , <u>conservación</u> , <u>gozo</u> , <u>promoción</u>	
Destinatarias	cognitiva		<u>física</u> , <u>sensorial</u> , cognitiva
Espazos	diseño universal, utilizables, practicables, seguridad, comodidad, autónomo, natural	utilizables, practicables, seguridad, comodidad, autónomo, natural	seguretat, comoditat, autònom, natural, disseny universal
Contido	fácil comprensión, comunicación, interacción	comprensibles	comprensió fàcil, comunicació, interacció
Recursos de comunicación	lectura fácil, sistemas alternativos y aumentativos, pictogramas, <u>medios humanos y tecnológicos</u>		lectura fàcil, sistemes alternatius i augmentatius, pictogrames

Nota: Os termos subliñados son aspectos non coincidentes noutras lexislacións que engaden elementos de relevancia.

2. MARCO LEGAL ESTATAL DA ACCESIBILIDADE E OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)

Na definición de "accesibilidade universal" tivéronse en conta as lexislacións galega, catalá e estatal. Tamén se sinalaron outras medidas lexislativas de interese no nivel estatal, como por exemplo:

- **Lei 6/2022, de 31 de marzo.** Modificación do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- **Lei 27/2007, de 23 de outubro.** Recoñécense as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- **Real Decreto 155/2024, de 6 de febreiro.** Decláranse as expresións culturais vinculadas á cultura xorda e a lingua de signos española como Manifestación representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial.

Esta é a orde de aplicación :

- > **Ano 2025:** Bens e servizos novos de titularidade pública, e de titularidade privada que concerten ou subministren as administracións públicas.
- > **Ano 2026:** Bens e servizos xa existentes que sexan susceptibles de axustes razoables, así como aqueles de titularidade pública e de titularidade privada que concerten ou subministren as administracións públicas.
- > **Ano 2029:** Resto de bens e servizos de titularidade privada que sexan novos.
- > **Ano 2030:** Resto de bens e servizos de titularidade privada.

Axenda 2030 de Europa

Existen **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**, dos cales catro están directamente relacionados coa accesibilidade na arte e na cultura:

- **ODS 4.** Garantir a educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas.
- **ODS 8.** Promover o crecemento económico inclusivo e sostible, o emprego e o traballo decente para todas.
- **ODS 10.** Reducir a desigualdade en e entre os países.
- **ODS 11.** Lograr que as cidades sexan máis inclusivas, seguras, resilientes e sostibles.

RECURSOS. LEXISLACIÓNS

> Lexislación estatal:

[Real Decreto 193/2023, de 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público.](#)

> Lexislación galega: [Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia.](#)

> Lexislación catalá: [Decreto 209/2023, de 28 de novembro, polo que se aproba o Código de accesibilidade de Cataluña.](#)



3. O CICLO DA INACCESIBILIDADE

As relatoras mencionan a **Antonio Centeno**, fundador da Oficina Vida Independiente. Desenvolveu o seu labor en temas de desinstitucionalización, e tamén redactou o modelo asistencial de persoas con discapacidade.

Antonio Centeno comenta que a convivencia en espazos públicos está actualmente obstaculizada e non está a suceder de forma fluída, algo que se puido comprobar de primeira man na charla anterior con Paula Varela, Carla Méndez e Elvis García. Como outro exemplo, as relatoras preguntaron polo número de persoas con discapacidade presentes na sala.

Hai un proceso polo cal a inaccesibilidade nos espazos acaba xerando unha maior inaccesibilidade. Os pasos son:

- 1- Existen espazos inaccesibles.
- 2- Esta inaccesibilidade incide e mingua a participación de persoas con discapacidade.
- 3- Xérase unha invisibilización destas persoas nos espazos públicos.
- 4- As persoas que poden acceder sen problemas aos espazos públicos perciben as persoas con discapacidade coma un ente atípico. Persoas que rara vez transitan "os nosos espazos".
- 5- Establécese a concepción da inutilidade de traballar en elementos de accesibilidade debido a que as persoas con discapacidade son unha minoría e apenas acoden aos eventos culturais
- 6- Prodúcese unha maior inaccesibilidade e perpetúanse as barreiras de acceso e participación (regresamos ao punto 1).

RACHAR CO CICLO

> Espazos de convivencia e participación:

Para transformar o imaxinario colectivo da diversidade funcional e que toda a cidadanía poida ser partícipe.

> Aprendizaxe e formación:

Para coñecer a diversidade e necesidades de accesibilidade das persoas con discapacidade.

> Procura de recursos e

ferramentas: Para mudar paradigmas, romper dinámicas e transformar realidades.

> Propostas e accións:

Para pasar do papel aos feitos, creando espazos accesibles e fomentando a convivencia.



4. TRANSFORMAR O IMAXINARIO COLECTIVO DA DIVERSIDADE FUNCIONAL PARA FACELO ACCESIBLE

Nun artigo seu, **Antonio Centeno** comenta que, máis alá das medidas de accesibilidade, **a cultura non describe a realidade, senón que crea realidades**. Tendo esta consideración na mente, hai que reflexionar cara a onde dirixir as prácticas no sector das artes escénicas.

Pero antes de pasar a falar de accesibilidade e inclusión, cómpre ter en conta o imaxinario que a cidadanía xeral ten sobre os colectivos e persoas que fan uso da accesibilidade.

Transformar o imaxinario colectivo

A transformación do imaxinario colectivo da diversidade funcional, facéndoo accesible, é un **traballo inxente** que debe **abordarse desde a cultura, a arte e os medios de comunicación**. E non se fai só coa subtitulación, a audiodescrición ou a lingua de signos, senón indo á **creación dos propios contidos**. Ata agora o imaxinario colectivo sobre as persoas con discapacidade se centra en tropos e clichés como o dunha persoa desgraciada que busca unha vida mellor a través da curación, do suicidio, ou ben como heroes inspiradores das persoas "normais".

As persoas con discapacidade non son unha minoría

Estímase que hai uns **1.300 millóns de persoas** no mundo que teñen unha discapacidade. Isto equivale ao 16% da poboación mundial. **Unha de cada seis persoas ten unha discapacidade**.

Entón, por que están tan invisibilizados? Ao igual que ocorre con outros colectivos, se non convivimos con estas persoas, se non as atopamos nos espazos culturais, é debido en gran medida ao **ciclo de inaccesibilidade**. Cando falamos de investimentos, recursos ou axudas para facer os espazos culturais máis accesibles, hai que entender que o 16% da poboación mundial está excluída das actividades culturais.

RECURSOS

- **"Accesibilidade ao imperio da lei e ao propio corpo. Discapacidade, un mundo sen lei"**

Artigo de Antonio Centeno publicado en 2019 na *Revista de Asociación Española de Profesionales de la Accesibilidad Universal*. No artigo, o autor comeza indicando que nunca se cumpriron de forma axeitada as leis sobre discapacidade debido a que debemos reprogramar a mirada, a "lei non escrita" do imaxinario colectivo. Conclúe sinalando que non se trata (soamente) de facer máis, senón de facer diferente. Resulta imprescindible, por exemplo, sexualizar a diversidade funcional para romper a mirada infantilizada da sociedade, e recoñecer formas de autonomía minoritarias que permiten facer accesible o propio corpo en relación ás tarefas cotiás.

CONCEPTO

- **Porno inspiracional:** Nun TEDx de 2014, Stella Young falou deste termo, polo cal as persoas con discapacidade son vistas polo resto soamente como un obxecto ou modelo de inspiración para que as persoas con corpos normativos superen as "barreiras superficiais" ás que se enfrontan.

5. COLECTIVOS E ACCESIBILIDADE. MEDIDAS E PERSOAS BENEFICIADAS

É tan importante establecer medidas accesibles como tamén saber **publicar que tipo de accesibilidade temos**. Xa que logo, é mellor falar entón da medida de accesibilidade que o colectivo ao que vai dirixida, porque que tamén pode servir a outros colectivos. Nas seguintes fichas divídense as medidas por colectivos, cun resumo final onde se recollen **todas as medidas**.



Colectivo de persoas con mobilidade reducida

> Espazo

- ☐ Localidades adaptadas
- ☐ Accesos
- ☐ Despacho de billetes
- ☐ Sanitarios
- ☐ Sinalética
- ☐ Zonas de descanso

> Comunicación

- ☐ Atención ao público
- ☐ Sitio web
- ☐ Pictogramas
- ☐ Materiais de comunicación
- ☐ Redes sociais

> Persoal de apoio

- ☐ Acompañante

> Notas

- Valen tamén para persoas con **discapacidade de orixe non motora** (enfermidades de orixe renal ou respiratoria) que lles impidan desprazarse de forma continuada en espazos grandes, polo que tamén precisarán de espazos e momentos de descanso.
- As **localidades adaptadas** non teñen por que ser sen visibilidade necesariamente, xa que teñen que permitir que o acompañante da persoa cega tamén poida gozar da obra.
- Os **accesos** deben ser accesibles non só para as butacas, tamén para os camerinos, os sanitarios, o escenario, as oficinas...
- Os **despachos de billetes** teñen que ser accesibles e contar con bucles magnéticos.
- **Zonas de descanso accesibles**. Importantes e válidos para moitos colectivos.



Colectivo de persoas cegas ou con baixa visión

> Espazo

- ☐ Sinais podotáctiles
- ☐ Sinalética
- ☐ Acceso de can guía

> Contido

- ☐ Audiodescripción
- ☐ Paseos táctiles
- ☐ Elementos táctiles

> Comunicación

- ☐ Atención ao público
- ☐ Sitio web
- ☐ Lectura fácil
- ☐ Pictogramas
- ☐ Materiais de comunicación
- ☐ Redes sociais

> Persoal de apoio

- ☐ Acompañante

> Notas

- Para as persoas cegas ou con baixa visión, dous aspectos singulares son os **sinais podotáctiles** e o acceso con cans de acompañamento ou **cans guía**.
- **Paseos táctiles**. Con utilización de todo tipo de elementos táctiles (maquetas, vestiario, escenografía...)
- **Audiodescripción**. Debe conter elementos descritivos escénicos (conversas, ruidos, accións...), e tamén non escénicos (aplausos, descansos, luces...). Calquera elemento que supoña dar información adicional ás persoas cegas ou con visión reducida é esencial, xa que forma parte da experiencia de "ir ao teatro".



Colectivo de persoas xordas ou con discapacidade auditiva

> Espazo

- ☐ Despacho de billetes
- ☐ Sinalética

> Contido

- ☐ Interpretación de lingua de signos (ILS)
- ☐ Sobretitulación
- ☐ Bucle magnético
- ☐ Son amplificado

> Comunicación

- ☐ Atención ao público
- ☐ Sitio Web
- ☐ Lectura fácil
- ☐ Pictogramas
- ☐ Materiais de comunicación
- ☐ Redes sociais

> Notas

- **Despacho de billetes.** Cobra especial relevancia, con bucles magnéticos.
- **Son amplificado e bucles magnéticos en sala.** O son amplificado coñécese relativamente pouco e é moi útil. Só se precisan uns auriculares, amplifican o volume e serven tamén para persoas maiores.
- **Sobretitulación e ILS.** Cómpre sinalar que a comunidade de persoas xordas divídese (a grandes trazos e con particularidades) entre oralistas e signantes. Xa que logo, son medidas complementarias. As veces son as persoas oíntes as que poden precisar un ILS para tradución.



Colectivo de persoas con xordocegueira

> Espazo e contido

- ☐ Medidas de accesibilidade propias do colectivo de persoas xordas ou cegas en función dos seus restos visuais e/ou auditivos
- ☐ Mediadora
- ☐ Guía intérprete

> Comunicación

- ☐ Atención ao público
- ☐ Sitio Web
- ☐ Lectura fácil
- ☐ Pictogramas
- ☐ Materiais de comunicación
- ☐ Redes sociais

> Persoal de apoio

- ☐ Acompañante

> Notas

- Unha parte moi importante das persoas xordocegas teñen **diferentes porcentaxes de restos visuais e/ou auditivos**. Dependendo deste factor, poderán utilizar unhas medidas ou outras das que se corresponden co colectivo de persoas xordas e de persoas cegas.
- **Acompañamento de mediadora ou intérprete de persoas xordocegas**, que adaptarán e traducirán os contidos.
- **Paseo táctil.** O acceso háptico é un dereito que se debe reivindicar e sinxelo de implementar. O tacto, que nos pode achegar moita información, é o sentido principal que vincula a persoas xordocegas.
- Como se fai un paseo táctil? Convócanse as persoas 45 minutos antes da apertura de portas. O paseo dura 30 minutos, adaptándoa segundo o espectáculo (trabállase previamente con directores/as e dramaturgos/as): ás veces preséntanse roupa, escenografía, voces, o equipo actoral xa caracterizado e dentro dos seus papeis, maquetas, etc. Adoita usarse persoal de sala formado para acompañar.



Colectivo de personas con discapacidade intelectual, saúde mental e TEA

> Espazo

- ☐ Zonas de descanso
- ☐ Sinalética

> Contido

- ☐ Funcións descontráidas

> Comunicación

- ☐ Atención ao público
- ☐ Sitio web
- ☐ Lectura fácil
- ☐ Historias visuais
- ☐ Pictogramas
- ☐ Materiais de comunicación
- ☐ Redes sociais

> Persoal de apoio

- ☐ Integradora social
- ☐ Educadora social

> Notas

- **Espazos de descanso e sinalética.** Especialmente importantes para este colectivo.
- **Funcións descontráidas.** Cómpre coidar as luces, os rúidos, que haxa sempre unha luz en sala para que a xente poida entrar e saír se quere, etc.
- **Lectura fácil.** Está bastante estandarizada. Caracterízase por ter frases curtas (suxeito, verbo, predicado), textos non aliñados e xustificádos á esquerda, tipografías fáciles de ler, nunca sobre unha imaxe...
- **Historias visuais.** Medida de comunicación e de anticipación para persoas con problemas de ansiedade. Son dossiers con moita información e lectura fácil. Recíbeo a persoa antes da visita para poder anticipar toda a experiencia (chegada ao teatro, acceso, sala, función, persoas que atopará, focos, billetes de entrada...). É de aplicación moi sinxela e sen apenas custe.



FICHA CON TODAS AS MEDIDAS

> Espazo

- ☐ Localidades adaptadas
- ☐ Accesos
- ☐ Despacho de billetes
- ☐ Sanitarios
- ☐ Sinalética
- ☐ Zonas de descanso
- ☐ Sinais podotáctiles
- ☐ Acceso cans guía

> Contido

- ☐ Funcións descontráidas
- ☐ Audiodescripción
- ☐ Visitas táctiles
- ☐ Elementos táctiles
- ☐ Interpretación de lingua de signos (ILS)
- ☐ Sobretitulación
- ☐ Bucle magnético
- ☐ Son amplificado

> Comunicación

- ☐ Atención ao público
- ☐ Sitio web
- ☐ Lectura fácil
- ☐ Pictogramas
- ☐ Historias visuais
- ☐ Materiais de comunicación
- ☐ Redes sociais

> Persoal de apoio

- ☐ Acompañante
- ☐ Integradora social
- ☐ Educadora social
- ☐ Mediadora
- ☐ Guía intérprete

O papel dos despachos de billetes online

As empresas que venden billetes online nunca adoitan estar en xornadas sobre accesibilidade. Son as principais responsables da inaccesibilidade nos sitios web de teatros e compañías. Non só é pouco amigable para persoas con discapacidade, tamén para maiores ou persoas en risco de exclusión (barreira dixital). Mesmo os "captchas" ou verificadores adoitan ser pouco accesibles para persoas cegas.

6. A ACCESIBILIDADE NON SÓ BENEFICIA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Segundo os datos do IGE, Galicia rexistra para 2024 o 26,6% de habitantes con máis de 65 anos. O envellecemento da poboación galega acelérase; estímase que para 2039 supere un terzo do total de habitantes.

Moita xente maior utiliza xa, dunha forma ou outra, medidas de accesibilidade, como por exemplo letra ampliada en móbiles. Isto exemplifica que o esforzo por establecer a accesibilidade non só beneficia as persoas con discapacidade. Non é cousa de "facelo por eles e elas", senón **"facelo por todos e todas"**.

Ademais, hai outros moitos grupos, colectivos e persoas que se poden **beneficiar de forma indirecta** das medidas e ferramentas de accesibilidade:

- >> Persoas neurodiverxentes, con TDAH ou con TOC.
- >> Persoas con restos visuais ou auditivos.
- >> Persoas con alteracións da visión (diferentes tipos de daltonismo, por exemplo).
- >> Persoas migradas, persoas que non dominan a lingua ou persoas que queren aprender a nosa lingua.
- >> Persoas maiores.
- >> Persoas que utilizan carros de bebés, andadores...
- >> Etc.



- > Podería limpar a rampla coa pa, por favor?
- O resto da rapazada está agardando para usar as escaleiras. Cando remate de quitar a neve delas, limparei a rampla para ti.
- > Pero se limpa a rampla, poderemos entrar todos!

ALGÚNS EXEMPLOS DE USOS ALTERNATIVOS

- > **As medidas e ferramentas accesibles poden ser útiles tamén a persoas en risco de exclusión social, maiores...**
- **Sitios web adaptados.** Persoas maiores ou con dificultades de visión; traducións automáticas para persoas que non dominen a nosa lingua, etc.
- **Billeteiras adaptadas.** Cun bo deseño, utilizables por persoas maiores, con baixa visión...
- **Lectura alternativa e aumentativa (documentos de anticipación, historias visuais, información de lectura fácil...).** Persoas que case nunca acoden a espazos culturais (risco de exclusión social, migradas...), neurodiverxentes...
- **Acompañamento e arquitectura accesible.** Persoas neurodiverxentes, maiores, eivadas, carros de bebés...
- **Amplificador de son.** Persoas maiores, con baixa audición, migradas, persoas que tentan aprender o idioma...
- **Subtitulado.** Persoas maiores, con baixa visión, migradas, persoas que tentan aprender o idioma...
- **Salas tranquilas e asentos.** Solucións sinxelas e universais que valerían practicamente para todo o mundo.

7. ALGÚNS MODELOS DE REFERENCIA

Ao longo do Estado existen moitos pequenos proxectos que están traballando na accesibilidade como referentes. Un país cunha longa experiencia neste eido é Inglaterra, que leva varias décadas traballando a inclusión e a accesibilidade que sae dos propios colectivos. Xa que logo, algúns dos exemplos propostos proveñen do mundo anglosaxón.



Candileja producciones. Productora de espectáculos musicais que está a crear grandes espectáculos para todos os públicos en Madrid con bastante éxito. O **elenco é inclusivo** e os **espectáculos son accesibles**. Detectaron e atraeron unha canteira de novos públicos que están a asistir aos seus espectáculos.




International Visual Theatre (ITV). Teatro de París que aposta pola creación e difusión. É unha institución de referencia a nivel mundial, onde se recolle **creación escénica en lingua de signos** (francesa), liderada por persoas xordas. En España non existe unha institución análoga.



Centro Dramático Nacional. Teatro español que aposta pola programación e a creación. Tras o festival “Una mirada diferente” (Inés Enciso), o espazo comezou a ter unha accesibilidade máis orgánica, debido á incorporación profesional de persoas xordas que precisaban, por exemplo, indicacións luminosas para a saída a escena. Esta **incorporación de creadoras e artistas con discapacidade** nas súas programacións transformou o teatro nun **espazo cada vez máis inclusivo**.




Espectáculos Recomendados. Catálogo de producións de danza, circo, teatro ou música en xira co selo de calidade diversas de La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública. De publicación semestral, recóllense citas, recursos e eventos etiquetados con “R” (recomendado).



La casa de la rueda flotante (Medellín - Córdoba). Espazo de residencia e creación artística autoxestionado, apostando desde os seus inicios pola creación accesible, polo traballo e vinculación con persoas xordas, cegas e con diferentes discapacidadeas. Teñen unha programación estable, inclusiva e accesible. Apostan polas linguas nativas e as disidencias sexuais.



Royal Exchange Theatre // New Wolsey Theatre. Os dous son teatros do Reino Unido con programas inclusivos de apoio á creación. Os seus sitios web son plenamente accesibles e visualmente atractivos. Son de visita recomendable se se queren adaptar e reformular proxectos propios.



Attitude is everything. O seu sitio web contén numerosos recursos descargables enfocados a espectáculos musicais. De todos xeitos, moitos son extrapolables a calquera experiencia escénica. Son de lectura sinxela e con recomendacións de como integrar a accesibilidade sen grandes investimentos económicos. Desde aspectos de maquetación ("Como debe ser un flyer"), de contratación de persoal con discapacidade, consellos, etc.



Artsadmin // Unlimited. Son dúas entidades de referencia que levan a cabo programas de apoio a artistas e proxectos do Reino Unido. Son comisionados ou socios colaborativos de artes para persoas con discapacidade na procura da equidade en todo o sector cultural. Apoian a profesionais do sector con discapacidade (xestoras profesionais, xerentes, distribuidoras...).

5

**ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR**

COMPARTIR



5. COMPARTIR

TALLERES PRÁCTICOS. INTRODUCCIÓN

Durante a sesión de tarde, da man das representantes de We Act, desenvolvéronse dous talleres:

- **Ana Candela Campello.** Levou a cabo un taller para os responsables e representantes dos **espazos escénicos** que acudiron á Xornada. Neste taller realizouse unha autoanálise cunha **auditoría da accesibilidade** dos espazos co obxectivo de ter unha folla de ruta para poder planificar a súa adaptación en ámbitos como o arquitectónico, a programación, a produción e a comunicación.

- **Javier Díez.** Pola súa banda, realizou un taller para os representantes das **empresas de produción de artes escénicas** que participaron na Xornada. Neste taller realizouse unha **autoavaliación da accesibilidade**, co fin de analizar as ferramentas que poden utilizarse na mellora da inclusión e da accesibilidade nas empresas e compañías.



TEMAS TRATADOS NOS TALLERES

A> Espazos escénicos:

- 1- Experiencias des- envolvidas e situación actual da accesibilidade no sector.
- 2- Auditoría da accesibilidade.
- 3- Financiamento e recursos económicos.
- 4- Infraestruturas, servizos, profesionalización e públicos.

B> Empresas de produción de artes escénicas:

- 1- Experiencias des- envolvidas e situación actual da accesibilidade no sector.
- 2- Autoavaliación e planificación dunha produción inclusiva / accesible.
- 3- A accesibilidade e a creación artística.

TALLER PARA RESPONSABLES DE ESPAZOS ESCÉNICOS

1) Experiencias desenvolvidas e situación actual da accesibilidade no sector

Ana Candela Campello comezou o taller explicando a **situación actual en Cataluña**, onde se leva xa un tempo traballando este tema, antepoñéndose á data límite de 2030 que están a marcar as diversas lexislacións.

Xa que logo, desenvolvéronse diversas **mesas de traballo coas administracións**, cuxo resultado foi a publicación dun **código** que marca o calendario ou folla de ruta das diferentes actuacións en materia de accesibilidade e inclusión. Por exemplo, en 2025 os sitios web dos espazos escénicos de Cataluña deberán ser totalmente accesibles. Acompañando a este código, as administracións sacaron **liñas de axuda** para poder facer auditorías de espazos, auditorías de comunicación, etc.

Exemplo da situación no teatro Tantarantana (Barcelona)

Facer que un espazo escénico sexa accesible non resulta sinxelo. A relatora puxo como exemplo o teatro independente **Tantarantana** de Barcelona, onde traballa. Arquitectonicamente é un espazo pequeno, cheo de obstáculos (escaleiras), sanitarios non accesibles, etc. Neste momento está a acometerse o proceso de adaptación para liderar o cambio e converterse nun referente de accesibilidade na cidade.

Exemplo da situación do sector e nalgúns espazos de Galicia

Algunhas das persoas asistentes indicaron que existe aínda unha gran **falta de información** en gran parte dos profesionais do sector respecto do máis básico, como coa terminoloxía relacionada coa accesibilidade, polo que xornadas como a organizada pola Axencia Galega das Industrias Culturais son un **bo punto de partida** para ir coñecendo e cumprindo co que marca a lei e, a partir de aquí, seguir unha folla de ruta. E porque hai unha porcentaxe significativa de persoas que, tendo os mesmos dereitos que o resto, non poden asistir aos eventos culturais que se organizan.

Esta falta de información provocou anécdotas como, por exemplo, tentativas de desenvolvemento de iconas por non saber da existencia de **pictogramas estandarizados**, ou críticas de distintos sectores por usar a lingua de signos portuguesa ou castelá.

RECURSOS E CONCEPTOS

> [Decreto 209/2023, de 20 de novembro, polo que se aproba o Código de accesibilidade de Cataluña](#). Neste documento se describe o código a nivel xeral.

> [Guía para a incorporación dos criterios do Código de accesibilidade de Cataluña aos ámbitos escénicos, musicais, de artes visuais, do audiovisual, do libro e a lectura](#). Este documento ten como misión orientar os responsables dos proxectos e espazos culturais sobre as adaptacións e as actuacións en materia de accesibilidade que deben realizarse de acordo coa normativa.

> [Teatro Tantarantana](#).

> [Pictogramas de ARASAAC](#). Proxecto financiado polo goberno de Aragón que ofrece recursos gráficos e materiais adaptados con licenza Creative Commons para facilitar a comunicación e a accesibilidade cognitiva.

No caso da responsable de **Festival Atlántica**, as actuacións lévanse a espazos patrimoniais de complexa accesibilidade e actuación (xacementos arqueolóxicos, castros, castelos...). Tamén indicou que, tras varios anos como docente, en contacto con persoas con discapacidade, xa contan cunha alta sensibilización. Traballouse moito a lingua de signos, cun rico intercambio de colaboracións cos profesionais, que incluso **deixaron de ser só intérpretes** para recibir clases de interpretación. Este feito **mudou radicalmente a percepción do público xordo**. Estas colaboracións fanse contactando con diversas asociacións de persoas xordas, cegas, con TDAH, etc., e serviron, por exemplo, para elaborar funcións relaxadas para contar contos.

No caso de **Chévere**, ademais de todas as medidas de accesibilidade e inclusión adoptadas para a obra *Hellen Keller, a muller marabilla?*, un dos retos de mellora foi a accesibilidade da páxina web, o uso de pictogramas, dos que descoñecíamos a súa estandarización, etc. No que respecta ao espazo físico, o teatro está nun bo nivel de accesibilidade, con marxe aínda de mellora.

2) Auditoría da accesibilidade nos espazos escénicos e ferramentas dispoñibles

Coñecer a fondo as necesidades accesibles dun espazo escénico é o primeiro paso para unha planificación posterior ano a ano na que se vaian resolvendo as carencias. Ana Candela Campello entregou un documento de sete páxinas para que as persoas asistentes puideran realizar unha auditoría sobre a situación de accesibilidade dun espazo escénico propio ou do que tiveran un coñecemento máis profundo. O documento, que pode consultarse no anexo da relatoría, estrutúrase en:

- **Cuestionario de presentación** sobre os traballos previos de inclusión e accesibilidade con colectivos, adaptación do proceso de creación, retos atopados, etc.
- **Condicións de accesibilidade actuais**, sobre prazas adaptadas e accesos sen barreiras.
- **Condicións da zona de uso público**, sinalando as barreiras, a accesibilidade por niveis ou nunha soa planta, accesibilidade vertical, sanitarios, aparcadoiro e transporte, atención ao público e comunicación (mos-trador, vías de contacto directo, web, redes sociais...).
- **Condicións para o uso do espazo escénico**, como prazas adaptadas, **funcións accesibles e inclusivas** realizadas e infraestruturas (bucles, sobretitulación, audiodescrición).

RECURSOS E CONCEPTOS

- > **Festival Atlántica**. Un dos encontros de narración oral máis importantes da Península Ibérica.
- > **Función relaxada**. Representación escénica con modificacións: o movemento do público, a atenuación da iluminación e dos flashes, a redución dos niveis de ruído, espazos de relaxación, historias visuais, presentación do elenco, etc.
- > **Grupo Chévere**. Compañía con máis de 35 anos de traxectoria, premio Nacional de Teatro (2014).
- > **Actuación inclusiva**: Función ou representación na que participan unha ou máis persoas con discapacidade.
- > **Actuación accesible**: Función ou representación con medidas, ferramentas, infraestruturas... que permiten o acceso e goce da mesma a persoas con discapacidade.

3) Financiamento e recursos económicos

En Galicia existen algunhas axudas que teñen en conta a accesibilidade e a inclusión en diferentes axudas e subvencións. Nos últimos anos convocáronse na Xunta de Galicia **axudas de modernización** (fondos Next Generation), podendo usarse tanto en espazos públicos coma privados. Nestas axudas podían incluírse investimentos como o bucle magnético. Houbo moitas salas públicas e privadas que solicitaron estas axudas.

Tamén sae anualmente unha convocatoria de axudas da Dirección Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con importes máis pequenos. Algúns espazos indican que ás veces cuestións de datas ou certos baremos que non suman puntos por incluír persoas con discapacidade no equipo organizativo supoñen un problema á hora de solicitala e xustificala.

Neste sentido, están a realizarse xa cambios relevantes, e nas **axudas á función escénica** da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2025 haberá unha parte que valorará e puntuará as actividades ou medidas que fomenten a inclusión.

Mesas de traballo, liñas de convocatorias e subvencións

É esencial que en xornadas ou en mesas de traballo nas que se afronte o reto da accesibilidade, estean presentes os espazos culturais. Debido á obrigatoriedade dos cambios legislativos na adaptación accesible destes espazos, os responsables teñen que reclamar recursos das administracións co fin de ser capaces de **afrontar os custos que supón a dita obriga**. É preciso establecer novas liñas de convocatorias de subvencións e axudas que permitan ir actuando neste sentido dentro dun plan definido (o futuro **Plan Estratéxico para as Artes Escénicas**).

Actualmente, case todas as convocatorias de axudas e subvencións en Galicia para este sector proporcionan **puntos por realizar accións accesibles** e inclusivas, pero **sen un aumento da dotación económica** por ese motivo, cousa que debería ir corrixíndose, xa que, actualmente, realizar accións accesibles supón un sobrecoste. Xornadas coma esta **sérvenlle tamén á administración** e á Axencia Galega das Industrias Culturais para **detectar as demandas do sector** e saber así onde poder impactar mellor cos recursos dispoñibles.

RECURSOS. CONVOCATORIAS

- > **Modernización e xestión sostible das infraestruturas das artes escénicas e musicais 2024 (CT404E)**. Dotación de 500.000 €. Válido para sistemas técnicos accesibles.
- > **Festivais de artes escénicas 2025 (CT213A)**. Dotación de 280.000 €. Non hai referencias á accesibilidade ou inclusión, aínda que se valora a creación e fomento de públicos.
- > **Creación escénica 2024 (CT403B)**. 870.000 € de dotación. Un dos criterios de valoración artística é de medidas de accesibilidade para a participación das persoas en igualdade de oportunidades.
- > **Sala de artes escénicas de titularidade privada 2024 (CT402D)**. 215.000 € de dotación. Non hai referencias á accesibilidade ou inclusión, aínda que se valora a formación e captación de novos públicos.
- > **Apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña 2025 (Deputación)**. Dotación de 1.410.000 €. Os proxectos deben contar cun plan de sostibilidade, sendo un dos requisitos a accesibilidade e a inclusión.
- > **Ministerio de Cultura. A axudas a teatro e circo e as axudas á danza, a lírica e a música de 2025 aumentan o 15% da contía concedida para audiodescripción e sobretitulación destinadas á accesibilidade de persoas con discapacidade visual e/ou auditiva.**

Recursos: referentes de actuación e baremos de accesibilidade nas convocatorias de axudas

No **Circuíto Danza a Escena** dan apoio a funcións de difícil desempeño, así como axudas a traslados insulares. Unha das propostas comentadas durante o taller foi que na convocatoria para a **Rede Galega de Teatros e Auditorios** houbera unha sección para que unha porcentaxe das actuacións fose accesibles (o que supón o alugueiro de materiais e contratación de profesionais).

As convocatorias de festivais da **Axencia Galega das Industrias Culturais** e da **Deputación da Coruña** teñen referencias á accesibilidade. No caso das axudas do **Ministerio de Cultura**, non pide unha relación de actuacións accesibles, pero si se pode conceder un importe extra para desenvolver medidas de accesibilidade relacionadas coa audiodescrición e a sobretitulación en calquera lingua oficial.

Chegouse á conclusión de que o ideal sería **reservar unha pequena cantidade nas axudas** para a parte de inclusión e accesibilidade de forma específica, non só quedar en criterios puntuables, senón que implique unha **dotación extra**.

Reparto das axudas. A maioría, destinadas a funcións

Nas axudas recibidas, o 90% vai destinado para as funcións. As persoas participantes no taller comentan as dificultades que teñen ás veces de facer fronte a outros pagamentos como salarios do equipo do espazo, infraestruturas de sala, etc. En Cataluña ese gasto adoita cubrirse cos ingresos de entrada.

RECURSOS

> **Circuíto Danza a Escena**. Promovido polo INAEM e desenvolvido por La Red Española de Teatros en colaboración cos seus espazos escénicos asociados.

> **Rede Galega de Teatros e Auditorios**. Circuíto principal de exhibición da produción escénica galega profesional desde 1996, cofinanciado pola Xunta de Galicia con concellos e xestoras dos espazos asociados.

> **Axencia Galega das Industrias Culturais**. Entidade creada en 2008 co obxecto de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.



4) Infraestruturas necesarias, servizos auxiliares, profesionalización e públicos

Calendario estratéxico de adaptación dos espazos escénicos

Adaptar un espazo escénico é un investimento orzamentario xigantesco, polo que os espazos adoitan comezar con accións parciais así que se van detectando necesidades. Xa que logo, **o calendario de actuacións é unha medida estratéxica, en especial na parte que ten que ver cos orzamentos.**

Por exemplo, co bucle magnético individual, que é un investimento caro, poden incluírse tamén a amplificación e o sistema de audiodescrición, porque adoitan ir pola mesma vía (un vai con cable, outros con auriculares).

Tecnoloxías. Calidade, comodidade e custe

Coa revolución da intelixencia artificial e o abaratamento de custes no uso de ferramentas tecnolóxicas para crear contidos accesibles, córrese o risco de depender en exclusiva destas solucións. Non obstante, deben ser vistas como ferramentas de apoio, non como a solución principal.

O diálogo e interacción coa obra por parte das persoas con discapacidade debe ser orgánica, natural e o menos traumática posible, algo que só se consegue co factor humano (voces naturais, trato directo...). As solucións tecnolóxicas adoitan ser invasivas e excesivamente artificiais. Cómpre atopar o **equilibrio entre custe, comodidade e calidade do servizo.**

Mencionouse un exemplo neste sentido que podería ser suficientemente equilibrado. O teatro Lliure conta cun nivel de accesibilidade e inclusión integral en todo o ciclo da accesibilidade, que vai desde o sitio web ata os servizos en sala. En concreto, dispoñen dunha aplicación que facilita o son de sala directamente polo dispositivo móbil da persoa usuaria conectado a un wifi de sala, aneis magnéticos que tamén se conectan ao móbil, sobretítulos adaptados, etc.).

Xa que logo, é preciso facer un uso non invasivo do móbil pola incomodidade que provoca tanto á persoa usuaria como ao público asistente.

UN EXEMPLO INTERESANTE

> **Teatro Lliure.** Constituído como fundación privada participada por diferentes institucións, conta con dúas sedes e forma parte da rede de teatros públicos europeos [mitos21](#). O seu sitio web ten un completo apartado no que se amosan todas as medidas implementadas:

- **Acceder ao teatro:** guías de acceso e anticipación ([Aprenem Autisme](#)), así como información de localización e transporte .

- **Mobilidade reducida:** Accesos adaptados, prazas de aparcadoiro reservadas, billeteiras adaptadas e ascensor accesible.

- **Programas de lectura fácil:** seguindo as indicacións da [Asociación Lectura Fácil](#).

- **Discapacidade auditiva:** Sistema de asistencia auditiva con amplificación mediante wifi específica en cada sala e aplicación móbil, aneis magnéticos, sobretítulos adaptados e tradución simultánea en lingua de signos catalá.

- **Discapacidade visual:** Audio-descrición de varias funcións.

- **Sesións relaxadas:** Dispoñibles para varias funcións.

- **Accesibilidade social:** Descontos para persoas menores e adolescentes, paradas, xubiladas, con diversidade funcional, familias numerosas, monoparentais, de acollida, así como a colectivos desfavorecidos ([Apropa Cultura](#)).

O futuro dos servizos auxiliares de accesibilidade

Ana Candela Campello indicou a necesidade de buscar estratexias que permitan abaratar custes na implantación de medidas accesibles. Existen diversas formas de traballar este campo, e tamén empresas externas que poden servirnos de apoio, como por exemplo **Teatro Accesible**.

En Galicia é bastante posible que, coa lei en marcha, axiña comece a **profesionalizarse un sector da accesibilidade** no eido cultural como un servizo auxiliar e externo. O camiño é similar ao que sucedeu en Cataluña hai unha década, onde os primeiros festivais, obras e espazos que traballaron a accesibilidade e inclusión serviron para formar intérpretes, audiodescritores, etc.

Co tempo producírase un desaxuste entre **demanda crecente e necesidade de profesionalización da accesibilidade** nas artes escénicas, pero Galicia aínda está no inicio do proceso, non existe unha masa crítica. Evidentemente, na evolución deste proceso crearase un intercambio comercial, cun beneficio tanto humano como económico.

Chegará un momento en que estas empresas auxiliares non poidan atender a demanda xerada, polo que xurdirán novas empresas e **os prezos dos servizos serán cada vez máis competitivos**, pero polo momento estes son aínda bastante caros.

A sensibilización en accesibilidade dos públicos

Non se pode abordar a sensibilización dos públicos en materia de accesibilidade e inclusión sen antes **sensibilizar o equipo de profesionais do espazo escénico** (terminoloxía, empatía, colocación de obxectos, trato con persoas con discapacidade, acompañamento, formación...). Todas estas medidas non supoñen un investimento significativo e poden crearse **colaboracións con comunidades e colectivos** que redunden en beneficios mutuos.

En canto aos públicos, será necesario abordar diversas medidas e **estratexias para sensibilizar** e facilitar a convivencia das medidas accesibles en espazos escénicos que antes carecían delas (por exemplo, un foco de luz para facer visible á intérprete de signos que sexa percibido como unha molestia visual para o público).

RECURSOS

> **Teatro Accesible**. Proxecto dedicado a integrar medidas de accesibilidade no teatro en España. Naceu en 2011 e está composto por un equipo multidisciplinar de subtituladores, audiodescritores, filólogos, técnicos en accesibilidade, intérpretes de lingua de signos, xestores culturais, etc. O seu labor céntrase na adaptación de obras teatrais creando experiencias inclusivas e accesibles.

“Hai medidas que non requiren cartos, tan só sensibilidade”



TALLER PARA EMPRESAS DE PRODUCCIÓN DE ARTES ESCÉNICAS

1) Experiencias desenvolvidas e situación actual da accesibilidade no sector

Nesta primeira parte do taller, **Javier Díez** pediu ás persoas representantes das empresas de produción de artes escénicas que se presentaran e comentaran o **grao de contacto e de medidas desenvolvidas en relación á accesibilidade e á inclusión** nas súas compañías. Neste sentido, aglutínanse nos seguintes niveis:

- >> **A) Sen experiencia nin contacto relevante en accesibilidade.** Grao de contacto coa accesibilidade e inclusión nulo ou moi limitado, aínda que cunha enorme predisposición para formarse e aprender.
- >> **B) Contacto limitado. Adopción de medidas inclusivas non sistemáticas e recursos formativos.** Certo contacto grazas á parte formativa (academia, escola, etc.), con alumnado con discapacidade. Tamén traballo formativo para obras de teatro cunha temática relacionada coa discapacidade. Por último, algunhas persoas comentaron contactos profesionais con persoas con discapacidade, coas que participaron ocasionalmente. Estes contactos crean conciencia e responsabilidade para mellorar a accesibilidade.
- >> **C) Contacto avanzado. Adopción de medidas accesibles e inclusivas en varias obras, colaboración con colectivos, etc.** Neste punto atópanse responsables e profesionais de compañías escénicas, coa creación de varios espectáculos inclusivos e algúns accesibles, con contactos tanto na parte formativa coma cos colectivos.
- >> **D) Contacto integral. Adopción de medidas variadas en todas as obras desde a súa creación, colaboración con colectivos, sensibilización, etc.** Neste último, algunhas compañías teñen desenvolvido proxectos integrais inclusivos e accesibles, adaptación do sitio web, formación, etc. Tamén están comezando a adaptación accesible de obras que antes non o eran.

Coa nova lei, **os espazos programarán cada vez máis espectáculos accesibles** (paseo táctil, audiodescrición...), porque lles sairá máis barato que adaptar espectáculos non accesibles e de cachés similares. Sen obviar que estamos a falar que é un **dereito fundamental**, e que as persoas con discapacidade teñen os **mesmos dereitos para acceder á cultura** que o resto da cidadanía.

IDEAS E CONCEPTOS CLAVE

- > **Responsabilidade compartida:** Os espazos escénicos e as compañías deben compartir a responsabilidade da accesibilidade e a inclusión. Por unha banda, os **espazos** deben centrarse nas infraestruturas, aspectos técnicos e servizos (sanitarios adaptados, sinalética, bucles magnéticos...). Pola outra, as **compañías** deben centrar a súa responsabilidade na incorporación da accesibilidade e inclusión en todas as fases do proceso creativo.
- > **Creación artística accesible:** Incorporación da "accesibilidade universal" en todas as fases do proceso creativo e desde o primeiro momento, o que abarata os custos dunha adaptación posterior (asesoramento lingüístico da lingua de signos, audiodescrición...).
- > **Convivencia transformadora:** Convén incorporar nos procesos de traballo artísticos e creadores a persoas con discapacidade. Esta convivencia transformará a escena, e os resultados terán un nivel axeitado de accesibilidade.

2) Autoavaliación e planificación dunha produción inclusiva / accesible

Coñecer a fondo as necesidades accesibles das compañías é o primeiro paso para unha planificación posterior das producións inclusivas e accesibles que se vaian desenvolver. Javier Díez entregou un documento de tres páxinas para que as persoas asistentes puideran realizar unha **autoavaliación sobre a situación de accesibilidade da súa compañía**. O documento, que pode consultarse no anexo da relatoría, estrutúrase en:

- **Cuestionario de presentación** sobre os traballos previos de inclusión e accesibilidade con colectivos, adaptación do proceso de creación, retos atopados, asunción de custos e reparto dos mesmos, etc.
- **Planificación da túa próxima produción**, na que se indaga sobre a posible inclusión de persoas con discapacidade no equipo técnico ou creativo, o seu rol, a que colectivos pertencen e as medidas de accesibilidade previstas.

Tamén entregou un documento con outro exercicio práctico sobre a **planificación dunha futura produción inclusiva / accesible**, na que foi preciso responder a esta serie de cuestións:



PREPRODUCCIÓN	PRODUCCIÓN	EXHIBICIÓN
1. Investigación e definición do proxecto:	1. Como selecciono o elenco da produción?	1. Accesibilidade para o noso equipo. Que necesidades ten en canto a espazos, camerinos, tempo de preparación e recoñecemento de espazo?
2. Entidades ou informantes clave que coñezo:	2. Ensaio: Equipo profesional necesario nos ensaios? Como chegan os/as participantes? Como se comunica o equipo nos ensaios? Precisamos algunha medida de accesibilidade nos ensaios?	2. Distribución. Que circuitos, salas ou festivais inclusivos e/ou accesibles coñezo? Preciso persoal de apoio para a distribución? Que aspectos derivados da accesibilidade e inclusión debo incluír no meu orzamento?
3. Recursos de financiamento que coñezo:	3. Comunicación interna (envío de informacións e datos prácticos). Como nos comunicamos como equipo? (email, whatsapp, tfo...)	3. Comunicación accesible. Que accións de comunicación vou realizar para chegar aos públicos definidos?
4. Espazo de ensaio (accesibilidade):	4. Comunicación externa. Que materiais gráficos e audiovisuais preciso? A que públicos queremos chegar? Como facemos accesibles os materiais?	4. Técnica accesibilidade. Cales son as necesidades técnicas que se derivan da accesibilidade do espectáculo? Dispoñemos desa técnica ou precisamos conseguila?
5. Equipo de traballo (artístico, técnico, accesibilidade e persoal de apoio):	5. Accesibilidade: Para que público somos accesibles? Que medidas de accesibilidade queremos incorporar na obra? Como queremos traballar e incluír a accesibilidade?	

3) A accesibilidade e a creación escénica

Na última parte do taller estableceuse un debate sobre a accesibilidade e a creación escénica en varios ámbitos.

Por unha banda, valorouse que a **integración orgánica de elementos accesibles dende o proceso creativo** das obras contribuirá á sensibilización do público xeral con respecto á accesibilidade. Algúns exemplos que se sinalaron foron a man de "Cousa" no musical da *Familia Adams* signando nun momento do espectáculo, ou usar a audiodescrición como elemento artístico en vez de técnico, como efecto escénico ou como se fose outro personaxe na obra. Os beneficios son evidentes: menor custe, maior integración, solución creativa...

Tamén se comentou a **fidelidade do público cando se lle presta atención ás necesidades de inclusión e accesibilidade**. Algunhas das propostas desenvolvidas polas persoas asistentes incluían traballo cognitivo previo, paseos táctiles, asistencia a ensaios... En colaboración con colectivos, entidades e asociacións, percibiuse unha fidelidade na asistencia e participación tanto nesas actividades como logo na actuación.

Unha das carencias percibidas polas persoas asistentes é que non existe en Galicia ningunha **compañía profesional creada por persoas con discapacidade**.


Volveu incidirse novamente na **responsabilidade compartida** entre espazos e compañías cun exemplo sobre a audiodescrición dunha peza. Nese exemplo, en colaboración coa ONCE graváronse as voces en primeiro lugar. Despois reescribíronse algúns diálogos para que se entendera mellor o texto. Cun aparello e un programa se disparaban os subtítulos, vídeos, audiodescrición... Toda a tecnoloxía de infraestruturas debería tela o teatro, non a compañía (que tan só debería crear a parte textual e as voces). Ademais, se o teatro non ten a tecnoloxía adecuada, non se podería desenvolver unha función inclusiva. Afortunadamente, xa hai algúns espazos en Galicia que contan con esa tecnoloxía.

ALGUNHAS REFLEXIÓNS

- "No punto no que estamos agora mesmo, resulta igual de importante comunicar a accesibilidade que creala. Se non se comunica, os esforzos que fagamos non valen para nada."
- "Como as persoas con discapacidade foron apartadas de forma sistemática dos espazos escénicos, a reincorporación será paulatina."
- "Os públicos escolares asumen de forma natural temas como a accesibilidade, que para outros públicos custa máis. O goce polas artes escénicas nace neles de forma integral dende idades moi cedo e cómpre aproveitar esa paixón."
- "Ás veces hai que cambiar a perspectiva das etiquetas. O teatro oral labial que facemos é teatro exclusivo, non é inclusivo. Cambiar a etiqueta muda a realidade."
- "Traballando con profesionais con resto visual, un dos trucos é que leven a casa vídeos dos movementos para que poidan practicar nun espazo coñecido."

ACCESIBILIDADE E INCLUSIÓN: VISIBILIZAR, SENSIBILIZAR, FORMAR E COMPARTIR

Xornada formativa para
profesionais das artes escénicas



6

ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR


ANÁLISE FINAL



OBXECTIVOS E PREOCUPACIÓNS DA ACCESIBILIDADE NAS ARTES ESCÉNICAS

Para finalizar a Xornada, os dous talleres realizaron unha posta en común final. Mediante o reparto de post-its, as persoas asistentes, tanto profesionais de espazos escénicos como de compañías, tiñan que escribir as súas ideas respecto a distintos ámbitos ("**Creación**", "**Producción**", "**Xestión**" e "**Comunicación**"). As ideas tiñan que reflectir, por unha banda, os **obxectivos en accesibilidade** para o ano 2030 en cada un dos ámbitos e, pola outra, as **preocupacións detectadas** neses mesmos ámbitos.

A continuación, sintetízanse as distintas reflexións nos seguintes cadros distribuídos por ámbitos:



CREACIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
OBXECTIVOS	Consecución dunha creación accesible e inclusiva digna e libre para o ano 2030.	Inclusión desde a creación ou inicio do proxecto escénico dos aspectos relacionados coa accesibilidade.	Aumento da participación no proceso creativo de persoas con capacidades diversas (perfil técnico, artístico, asesoramento...).
	Favorecemento da inclusión na creación dentro do teatro afeccionado.	Investigación e integración no proceso creativo de servizos de lingua de signos e audiodescripción, así como as técnicas para levalas a cabo.	Creación de mecanismos para obter o <i>feedback</i> de persoas e colectivos con discapacidade no proceso creativo.
	Desenvolvemento de programacións diversas e inclusivas en espazos e localidades pequenas.	Obtención de máis recursos económicos (administracións e outras fontes).	Xeración de tecido artístico e profesional con capacidades diversas para que agromen creacións e compañías inclusivas.
CREACIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
DIFICULTADES	Falta ou escaseza de recursos suficientes para a creación accesible e inclusiva.	Oferta limitada ou escasa de espectáculos accesibles.	Limitacións e carencia de recursos de apoio e acompañamento.
	Carencia de liberdade de actuación debido á falta de recursos	Existencia de poucas compañías que arrisquen con creacións e propostas inclusivas.	Romantización da accesibilidade sen unha loita por unha verdadeira regulación e profesionalización das persoas creadoras con discapacidade.
	Desenvolvemento limitado de medidas e recursos para a accesibilidade por parte das administracións públicas.	Carencia dunha vontade masiva para a creación inclusiva, en vez de desde a obrigatoriedade.	

PRODUCCIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
OBXECTIVOS	Deseño dunha programación dende o principio e non ao final.	Planificación da accesibilidade segundo as funcións.	Establecemento dun diálogo máis fluído co sector (traballo comunitario, escoita total a audiencias con discapacidade, etc.)
	Cambios na forma de traballo con programas ou plans estándar (ou que o cambio sexa cada catro anos).	Desenvolvemento da plena accesibilidade nos espazos escénicos (incorporación de sistemas técnicos como o bucle, intérpretes, etc.).	Fomento da participación de novos públicos na produción de espectáculos, dirixíndose directamente a eles.
		Obtención de máis recursos económicos para a instalación de infraestruturas e tecnoloxías accesibles.	Incremento da profesionalización e da formación en accesibilidade e inclusión.
PRODUCCIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
DIFICULTADES	Escoita institucional limitada para atender a produción accesible.	Dificultade de sostibilidade real da inclusión e accesibilidade (orxamentos, recursos económicos, custes...).	Resposta negativa ou rexeitamento do público xeral ás producións inclusivas.
	Carencia dunha responsabilidade compartida entre os axentes do sector.	Aumento dos tempos de produción.	Escaseza de sensibilización e educación do público para que comprenda as medidas inclusivas.
	Elección dun só tipo de accesibilidade ou inclusión sen atender outras diversidades.	Limitación do impulso para proxectos inclusivos unicamente á existencia de fondos económicos. Hai que ir máis alá.	Dificultades na accesibilidade interna dos equipos actoriais inclusivos.
	Falta de coñecemento efectivo en materia de accesibilidade e inclusión.	Falta de accesibilidade e coordinación cos espazos escénicos para que acollan sen problemas distintas diversidades funcionais.	Acceso limitado e complexo de profesionais das artes escénicas con discapacidade ás producións.

XESTIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
OBXECTIVOS	Impulso e colaboración das administracións para unha concreción e definición das medidas e políticas culturais accesibles e inclusivas.	Aumento do peso da accesibilidade nos orzamentos.	Deseño e xestión dunha programación para e por colectivos vulnerables, coa inclusión de toda a cidadanía no proceso, favorecendo un espazo de convivencia e acceso a novos públicos.
	Integración total da accesibilidade e creación dunha realidade vívida e común de todos os corpos.	Desenvolvemento dunha lexislación efectiva, aplicable, difundible, en lectura fácil e reclamable para, dende e cos colectivos.	Aumento da formación e profesionalización de persoas con discapacidade na xestión do sector escénico.
	Percepción natural e orgánica da accesibilidade e inclusión nas artes escénicas, facéndolas máis diversas e empáticas.		Incremento da formación, educación e sensibilización dos públicos, xerando dinámicas para que tomen conciencia da realidade que nos abrangue.
			Concienciación do persoal laboral con respecto aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
XESTIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
DIFICULTADES	Falta de apoio, sensibilidade, interese e concienciación das administracións públicas para mellorar a accesibilidade e inclusión.	Dificultade de sostibilidade real da inclusión e accesibilidade (orzamentos, recursos económicos, custes...).	Resposta negativa ou rexeitamento do público xeral ás producións inclusivas.
	Falta dun compromiso colectivo.	Aumento dos tempos de produción.	Escaseza de sensibilización e educación do público para que comprenda as medidas inclusivas.
	Dificultade para afrontar a elevada diversidade de tarefas que hai que acometer no escaso tempo dispoñible.	Limitación do impulso para proxectos inclusivos unicamente á existencia de fondos económicos. Hai que ir máis alá.	Dificultades na accesibilidade interna dos equipos actorais inclusivos.
	Aplicación axeitada e apoio efectivo por parte das institucións da lei de cultura inclusiva e accesible.	Falta de accesibilidade e coordinación cos espazos escénicos para que acollan sen problemas distintas diversidades funcionais.	Acceso limitado e complexo de profesionais das artes escénicas con discapacidade ás producións.

COMUNICA- CIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
OBXECTIVOS	Normalización da inclusión dentro das artes escénicas en Galicia.	Mellora da comunicación accesible en todos os niveis (información actualizada, sitio web, redes sociais, etc.).	Establecemento dun diálogo máis fluído co sector (traballo comunitario, escoita total a audiencias con discapacidade, etc.)
	Aumento do número de eventos culturais e creativos accesibles para a súa difusión.	Normalización de plataformas informativas e divulgativas accesibles para chegar a públicos diversos.	Fomento da participación de novos públicos na produción de espectáculos, dirixíndose directamente a eles.
		Aumento da calidade de comunicación das medidas de accesibilidade na exhibición escénica.	Incremento da profesionalización e da formación en accesibilidade e inclusión.
		Diálogo coas empresas e sitios web de venda de billetes para mellorar a súa accesibilidade.	
COMUNICA- CIÓN	XERAIS	ECONÓMICOS, DE OFERTA, TÉCNICOS	RECURSOS HUMANOS, PÚBLICOS, PROFESIONALIZACIÓN
DIFICULTADES	Consideración limitada da accesibilidade como unha cuestión transversal de relevancia.	Falta de recursos dispoñibles para adaptar materiais (sitios web, venda de billetes, etc.).	Resposta limitada ou escasa do público con discapacidade debido á dificultade de difusión nos colectivos obxectivo.
		Dificultade na obtención de recursos tecnolóxicos adaptados (lectura fácil, pictogramas...).	Reticencia ao cambio de paradigma e bo recibimento por parte do resto de públicos.
			Dificultade dunha comunicación efectiva e real, evitando que se perda o interese no que se comunica.
			Aumento de prexuízos, desinformación e falta de sensibilización.

PROPOSTA DE ANÁLISE DAFO

A modo de conclusión, englobanse os comentarios e impresións máis relevantes recollidos durante a Xornada para xerar un **cadro de análise DAFO** (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) da accesibilidade e a inclusión no sector das artes escénicas en Galicia.

DEBILIDADES	FORTALEZAS
1- Etapa inicial do camiño e falta de tempo. A pesar dos avances, o sector aínda está nos seus “primeiros pasos” serios en materia de accesibilidade e inclusión, coa data límite de 2030 que marca a lei. 2- Descoñecemento e falta de formación específica. Debido principalmente á falta de contactos cos colectivos de persoas con discapacidade, gran parte do sector indica unha falta de formación e coñecementos que van desde a terminoloxía, o trato persoal ou as necesidades, ata as ferramentas ou recursos dispoñibles. 3- Inaccesibilidade persistente. Seguen existindo barreiras arquitectónicas importantes e poucas funcións adaptadas en Galicia. 4- Falta de recursos económicos e limitacións na implementación de tecnoloxías. Existen poucos recursos económicos, as axudas aínda non cobren eficientemente os sobrecustes e as solucións adpotadas non sempre son as máis eficientes. 5- Escasa penetración da profesionalización no eido da accesibilidade e inclusión nas artes escénicas. Aínda existe unha baixa representación de profesionais con discapacidade. Ademais, nos servizos auxiliares (intérpretes de signos, audiodescrición...) non sempre existe un nivel axeitado de calidade artística.	1- Forte vontade e implicación sectorial. O sector das artes escénicas realiza esforzos para producir e adaptar funcións e espazos, reducindo a desigualdade de acceso. Existe unha clara vontade e demanda de información para implementar medidas de inclusión e accesibilidade. 2- Marco legal e institucional favorable. A aprobación da lexislación autonómica garante a accesibilidade universal e a inclusión plena en servizos e produtos culturais. 3- Iniciativas formativas. Diversas institucións tanto da administración galega como do propio sector están a desenvolver eventos formativos con alta asistencia e participación. 4- Experiencias previas e modelos de referencia. Existen numerosos referentes na implementación de medidas inclusivas e accesibles noutros territorios, e algunhas experiencias xa desenvolvidas en Galicia con bastante éxito. 5- Colaboración con colectivos. Hai xa tempo que se establecen relacións e colaboracións con asociacións, colectivos e persoas con discapacidade no ámbito formativo, creativo, consultivo e profesional nas artes escénicas para mellorar a accesibilidade e inclusión.
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
1- Dificultades internas de produción. A inclusión pode implicar un aumento nos tempos de produción e dificultades na accesibilidade interna dos equipos inclusivos de actores e actrices. 2- Desinformación, prexuízos, estigmatización e resistencia do público ás medidas de accesibilidade e inclusión no sector. Pode haber unha resposta negativa ou rexeitamento do público xeral ás producións accesibles, e unha falta de sensibilización para que comprendan as medidas adoptadas. 3- Dificultades en custes de servizos e sostibilidade económica accesible. Os prezos dos servizos de accesibilidade poden manterse moi caros, e a dificultade de manter medidas de inclusión e accesibilidade sen axudas institucionais pode frear ou limitar os proxectos creativos no sector. 4- Problemas de coordinación e comunicación sobre a responsabilidade das medidas de accesibilidade. A falta de coordinación entre compañías e espazos escénicos pode dificultar a implementación de medidas accesibles. 5- Escasa difusión das medidas accesibles e asistencia limitada dos públicos obxectivo. Se non existe unha difusión e campañas de comunicación axeitadas, é posible que os públicos con discapacidade non se sintan “convidados” a asistir.	1- Atracción de novos públicos grazas á aplicación de solucións de accesibilidade universal. A aplicación de medidas inclusivas e accesibles no sector podería beneficiar a toda a sociedade, e non só ás persoas con discapacidade, o que pode redundar nun aumento de novos públicos e novas sensibilidades. 2- Novos estímulos creativos. A diversidade e o “contaxio do diferente” abren novas posibilidades artísticas e enriquecen a creación. 3- Desenvolvemento de novas liñas de financiamento. Tanto o diálogo entre sector e administración como a escoita activa que realizan entidades como Agadic, poden levar á modificación ou creación de liñas de axudas con dotacións adicionais para a inclusión e accesibilidade. 4- Profesionalización do sector da accesibilidade. A implantación da lei e a demanda crecente xerarán unha maior profesionalización dos servizos auxiliares en accesibilidade cultural, creando un intercambio comercial con beneficios humanos e económicos. 5- Colaboración integral dos axentes relacionados coa accesibilidade. Existe unha gran marxe de mellora na inclusión e accesibilidade creando sinerxías, oportunidades de diálogo, proxectos, etc., entre sector profesional, administracións, colectivos e comunidades, entidades formativas, públicos e empresas auxiliares (billeteiras online, servizos de contidos accesibles...).

7

**ACCESIBILIDADE
E INCLUSIÓN:
VISIBILIZAR,
SENSIBILIZAR,
FORMAR
E COMPARTIR**

ANEXOS



ANEXO 1. REFERENCIAS TEMÁTICAS NA RELATORÍA

A seguinte lista recompila, de xeito non exhaustivo, múltiples referencias e ligazóns recollidos ao longo deste documento para poder consultar a información dispoñible con maior facilidade.

1) Marco legal e normativas

- **Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia.** Establece o marco legal para garantir a accesibilidade universal e la inclusión plena nos servizos e produtos culturais de Galicia.
- **Lei 6/2022, do 31 de marzo.** Modificación do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- **Lei 27/2007, de 23 de outubro.** Recoñece as linguas de signos españolas e regula os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- **Real Decreto 155/2024, de 6 de febreiro.** Declara as expresións culturais vinculadas á cultura xorda e a lingua de signos española como Manifestación Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial.
- **Real Decreto 193/2023, do 21 de marzo.** Regula as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización de bens e servizos ao dispor do público.
- **Decreto 209/2023, de 28 de novembro.** Aproba o Código de Accesibilidade de Cataluña.
- **Lei 10/2003 (Galicia), Lei 7/2023 (estatal) e Real Decreto 409/2025.** Regulan a actividade, acceso á contorna, benestar e protección dos cans de asistencia.
- **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).** Menciónanse catro ODS directamente relacionados coa accesibilidade na arte e a cultura: ODS 4 (educación inclusiva), ODS 8 (crecemento económico inclusivo), ODS 10 (redución de desigualdades) e ODS 11 (ciudades inclusivas).

2) Recursos audiovisuais

- **Documental *Habitar la escena* e materiais relacionados.** Producido por La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública, este documental ofrece unha mirada crítica sobre como facer os teatros máis abertos, participativos, accesibles e inclusivos. Menciónanse ligazóns á web de recursos e á canle de Youtube do documental.

3) Organizacións e proxectos de referencia en accesibilidade e inclusión

- **La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública.** Asociación cultural sen ánimo de lucro constituída por entidades de artes escénicas de titularidade pública de toda España.

- **Comisión de Inclusión e Mediación.** Forma parte de La Red Española de Teatros, e está enfocada en temas de inclusión.
- **We Act Assoc.** Asociación de profesionais do ámbito da arte, a cultura e a comunicación cuxo obxectivo principal é promover artes escénicas inclusivas e libres de barreiras.
- **Danza Mobile, Palmyra Teatro, Festival 10 Sentidos, Cía. Ruedapiés, Colectivo Mur, Cía. Psicoballet Maite León, Apropa Cultura, Escenaris Especiais.** Nomes de proxectos ou compañías que interveñen no documental *Habitar a escena*, implicadas na accesibilidade e a inclusión.
- **Autismo España.** Entidade que apoia a persoas con autismo e as súas familias. Ofrece recomendacións sobre linguaxe respectuosa cara a persoas con TEA.
- **ONCE.** Entidade social fundada en 1938 que promove a inclusión das persoas cegas ou con discapacidade visual. Finánciase co cupón e outros xogos sociais, e ofrece servizos educativos, laborais e culturais, ademais de impulsar a accesibilidade e a autonomía persoal. Colabora na elaboración de audiodescripcións para obras teatrais.
- **COGAMI.** Entidade sen ánimo de lucro que loita pola inclusión social e laboral das persoas con discapacidade en Galicia. Ofrece orientación, formación, programas de emprego e accesibilidade, promovendo a igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos deste colectivo.
- **Oficinas de vida independente (OVI).** Enfocadas na desinstitucionalización e o modelo asistencial para persoas con discapacidade, a súa misión é promover a Asistencia Persoal (AP) co fin de exercer o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participar activamente na vida da súa comunidade igual que calquera outro cidadán.
- **Teatro Accesible.** Un proxecto español multidisciplinar dedicado a integrar medidas de accesibilidade no teatro, ofrecendo servizos de adaptación.
- **Artsadmin e Unlimited.** Entidades de referencia que levan a cabo programas de apoio a artistas e proxectos no Reino Unido, buscando a equidade no sector cultural.

4) Ferramentas e guías prácticas

- **Pictogramas de ARASAAC.** Proxecto financiado polo goberno de Aragón que ofrece recursos gráficos e materiais adaptados baixo licenza Creative Commons para facilitar a comunicación e a accesibilidade cognitiva.
- **Documento "Recomendacións para facer accesibles as artes escénicas a persoas xordas".** Elaborado por un Grupo de Traballo de Chévere en abril de 2025, contén máis de 40 propostas para teatros, comunicación e obras.
- **CIMA (Información Cultural Feita Accesible).** Ferramenta gratuíta do proxecto Erasmus+ ALLURE, coordinado pola Xunta de Galicia, para xerar documentos accesibles e de lectura fácil que cubran toda a "cadea de accesibilidade" dun evento ou espazo cultural.
- **Guía para a incorporación dos criterios do Código de Accesibilidade de Cataluña aos ámbitos escénicos, musicais, de artes visuais, do audiovisual, do libro e a lectura.** Documento que orienta sobre as adaptacións e actuacións en materia de accesibilidade.

- **Attitude is everything**. O seu sitio web ofrece numerosos recursos descargables para adaptar espectáculos musicais, aplicables a calquera experiencia escénica.
- **Cuestionario de auditoría de accesibilidade**. Ferramenta entregada nos talleres para autoanalizar a situación de accesibilidade dun espazo escénico. Ver Anexo 2.
- **Documento de autoavaliación para compañías de produción**. Ferramenta para analizar as necesidades accesibles das compañías e planificar producións inclusivas. Ver anexo 2.

5) Teatros e espazos escénicos como exemplos

- **Centro Dramático Nacional (España)**. Transformou o seu espazo nun lugar máis inclusivo grazas á incorporación orgánica de persoas xordas na súa programación e equipo.
- **International Visual Theatre (ITV, París)**. Teatro de referencia mundial na creación escénica en lingua de signos, liderada por persoas xordas.
- **Royal Exchange Theatre (Reino Unido) e New Wolsey Theatre (Reino Unido)**. Teatros con programas inclusivos de apoio á creación e sitios web plenamente accesibles.
- **La casa de la rueda flotante (Medellín - Córdoba)**. Espazo de residencia e creación artística autoxestionado que aposta pola creación accesible e a vinculación con persoas con diversas discapacidades.
- **Teatro Tantarantana (Barcelona)**. Teatro independente en proceso de adaptación para converterse nun referente de accesibilidade na cidade.
- **Teatro Lliure (Barcelona)**. Un exemplo interesante de nivel de accesibilidade e inclusión integral en todo o ciclo, desde o sitio web ata os servizos en sala.

6) Compañías de produción escénica e festivais como exemplos

- **Candileja Producciones (Madrid)**. Produtora de espectáculos musicais inclusivos e accesibles con éxito en Madrid, atraendo novos públicos.
- **Festival Atlántica**. Festival de narración oral con alta sensibilización en accesibilidade, traballando con lingua de signos e funcións relaxadas.
- **Grupo Chévere**. Compañía con máis de 35 anos de traxectoria, recoñecida por obras accesibles como *Hellen Keller, a muller marabilla?* e polos seus esforzos en accesibilidade web e uso de pictogramas.

ANEXO 2. DOCUMENTOS DOS TALLERES

1) Auditoría dos espazos escénicos

Ejercicio práctico:

Auditoría de accesibilidad de los espacios.

Cuestionario de presentación.

1. Nombre del teatro, auditorio, espacio escénico, festival o evento:

2. Breve descripción:

3. ¿Ha realizado actividades inclusivas?

- ☐ No
☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

Con qué colectivos

¿Habéis adaptado el proceso de creación? ¿Cómo?

¿Cuáles fueron los retos tanto técnicos como creativos encontrados?

4. ¿Ha realizado actividades accesibles?

- ☐ No
☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

¿Para qué colectivos?

¿Qué medidas de accesibilidad habéis utilizado?

¿Cuáles fueron los retos tanto técnicos como creativos encontrados?

Condiciones de accesibilidad actuales.

Número de plazas adaptadas:

Condiciones de acceso desde la vía pública (tener en cuenta público, creadoras y trabajadoras)

- ☐ Acceso sin barreras
☐ Acceso a la entrada por un escalón o tramo de escalera

Condiciones de las zonas de uso público (tener en cuenta público, creadoras y trabajadoras)

> Itinerario en una sola planta. Circulación horizontal.

- ☐ Itinerario accesible
☐ Itinerario no accesible
☐ ¿Qué barreras existen? (enumera)

> Itinerario en varias plantas. Circulación vertical.

- ☐ ¿Hay zonas en diferentes niveles?
☐ No
☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:
☐ Todos los niveles son accesibles (circulación horizontal)
☐ Algún nivel no es accesible (circulación horizontal). Indica cuáles y sus barreras.

☐ ¿Hay algún nivel con accesibilidad vertical?

- ☐ No (circulación vertical)
☐ Sí (circulación vertical). En caso de respuesta afirmativa, indica cuál:
☐ Rampa
☐ Ascensor
☐ Plataforma elevadora
☐ Salvaescaleras

☐ ¿Cumplen la normativa?

- ☐ Sí
☐ No
☐ Lo desconozco

☐ Algún nivel no es accesible (circulación vertical)

☐ Indica cuáles y sus barreras.

> Sanitarios

- ☐ No dispone de ningún sanitario accesible de uso público
☐ Dispone de acceso a sanitario accesible para el público
☐ Dispone de acceso a sanitario accesible para las creadoras
☐ Dispone de acceso a sanitario accesible para las trabajadoras
☐ ¿Cumple la normativa?
☐ Sí
☐ No
☐ Lo desconozco

> Aparcamiento y transporte

☐ ¿Tiene aparcamiento?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa, indica el número de plazas accesibles:

☐ Existe conexión con transporte público. (Indica las diferentes posibilidades.)

☐ Existe aparcamiento público o privado cerca. (Indica cuáles.)

> Atención al público y comunicación

☐ ¿El mostrador de atención al público es accesible? (bucle magnético y medidas)

☐ Sí

☐ No

☐ Lo desconozco

☐ ¿Tiene vías de contacto directo con el público?

☐ No

☐ Sí. En caso afirmativo indicar las utilizadas:

☐ ¿Tiene página web?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

☐ Es accesible nivel AA o superior

☐ No es accesible

☐ Indique si contiene la siguiente información:

☐ Apartado de accesibilidad

☐ Información práctica visible: contacto, horario, direcciones, precios, descuentos y demás programas de públicos

☐ Actividades accesibles y/o inclusivas identificadas de forma visible

☐ ¿Tiene redes sociales?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa, ¿utiliza alguna de estas medidas?

☐ Texto alternativo

☐ Audiodescripción

☐ Subtitulación

☐ Lengua de signos

☐ Lectura fácil

Condiciones para el uso del teatro, auditorio o cualquier otro espacio escénico.

☐ Número total de plazas de espectadoras/es:

☐ Número total de plazas adaptadas:

☐ Número total de funciones accesibles realizadas en la temporada 24-25:

☐ Número total de funciones inclusivas realizadas en la temporada 24-25:

☐ Dispone de instalación de bucle magnético o bucles individuales

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa, cantidad de público que puede utilizarlo:

☐ Dispone de la infraestructura necesaria para ofrecer sesiones con sobretitulación

☐ No

☐ Sí

☐ Dispone de la infraestructura necesaria para ofrecer sesiones con audiodescripción

☐ No

☐ Sí

2) Autoevaluación compañías de artes escénicas

Ejercicio práctico:

Análisis de accesibilidad e inclusión de proyectos

Cuestionario de presentación.

1. Nombre de la compañía, artista u organización:

2. Breve descripción sobre el campo o disciplina de trabajo:

3. ¿Ha realizado actividades inclusivas?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

¿Con qué colectivos?

¿Habéis adaptado el proceso de creación? ¿Cómo?

¿Cuáles fueron los retos tanto técnicos como creativos encontrados?

4. ¿Ha realizado actividades accesibles?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

¿Para qué colectivos?

¿Qué medidas de accesibilidad habéis utilizado?

¿Cuáles fueron los retos tanto técnicos como creativos encontrados?

5. ¿Quién ha asumido los costes de la adaptación del proceso creativo o del montaje?

Indica quién y cómo lo ha asumido (ayudas, fondos propios, patrocinios, etc.)

Planificación de tu próxima producción

1. ¿Has pensado en incluir personas con discapacidad como creadoras / profesionales / equipo técnico?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

Explica cuál sería el rol de esta/s persona/s

¿A qué colectivo/s pertenece/n?

2. ¿Has pensado en incluir alguna medida de accesibilidad?

☐ No

☐ Sí. En caso de respuesta afirmativa:

Explica cuál/es y de la forma en la que lo harías



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Escena Galega